




XACOBEO'99
Galicia


CRUNIA


Porto de Peregrinacións



Anxo Padín

XUNTA DE GALICIA





Presentación

Programa de actividades

CRUNIA

Porto de Peregrinacións

Anxo Padín

XUNTA DE GALICIA

Conselleiro de Cultura,
Comunicación Social e Turismo

Jesús Pérez Varela

Secretario Xeral da Consellería de Cultura,
Comunicación Social e Turismo

Andrés González Murga

Xerente de Promoción
do Camiño de Santiago

María A. Antón Vilánchez

EDITA:

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo
Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago

Dirección Editorial:

María A. Antón Vilasánchez

Coordinación Editorial:

José Luis Tato Castiñeira

Autor:

Anxo Padín Panizo

Fotos e ilustracións:

Vicente Almazán
Xurxo Lobato
Librería Arenas
Arquivo Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo
José Ramón

©

XUNTA DE GALICIA

Imprime:

GRAFINOVA, S. A. - Santiago de Compostela

Depósito Legal:

C. 859/99

ISBN:

84-453-2444-6

Presentación

Peregrinos de tódalas nacionalidades achegábanse á Coruña por vía marítima dentro da ruta de peregrinación coñecida como Camiño Inglés. A importancia desta vía nas peregrinacións a Santiago queda suliñada desde o século XII polo establecemento ó longo do itinerario de institucións benéficas e de protección dos peregrinos. A cidade da Coruña e o seu porto teñen un papel particularmente destacable entre os séculos XIV e XIX.

Neste ano santo xacobeo de 1999, a programación da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo está centrada na revitalización patrimonial do Camiño e dos seus contornos, xunto coa dotación dos servizos básicos de atención os camiñantes que elixan esta Ruta, xa milenaria.


Na labor de promoción do Camiño Inglés ten cumprido un papel destacado o libro do coñecido xornalista e escritor coruñés Anxo Padín Panizo, polo que xusto era facer unha nova edición do mesmo coa fin de dar teste-

muña da importancia da cidade de A Coruña no fenómeno xacobeo.

O lector poderá disfrutar dun texto ameno e divulgativo que narra os avatares históricos e lexendarios dunha das vías marítimas a Compostela, recuperada felizmente nesta final de século e que segue a ter un atractivo permanente para os pobos veciños do Mar do Norte.

Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura,
Comunicación Social e Turismo

LIMIAR



O “País de Santiago” era Galicia para os millares de peregrinos que, durante toda a Idade Media e incluso, aínda que en menor número, en séculos posteriores, desde os países nórdicos se dirixían pola Ruta Marítima Xacobeá ó sepulcro do Apóstolo. Nesta ruta tivo un papel destacado o chamado Porto de Faro, o porto da Coruña, a onde arribaban os navíos escandinavos cos peregrinos. Tamén o facían alemáns, galos e ingleses. Desde o peirao coruñés a primeira visita era á igrexa parroquial de Santiago, na cidade vella, inicial etapa dunha peregrinación que continuaba por incómodos camiños ata a urbe compostelá.

Dous feitos, bastante curiosos, chamáronme a atención nas miñas consultas e investigacións. O primeiro, a relación tan estreita que mantiveron neste camiño marítimo as cidades compostelá e coruñesa. Outro é, ademais de curioso, en certa medida sorprendente: a defensa que fixeron os coruñeses fronte a invasores que desexaban nada máis e nada menos que destruír Compostela.

O escritor británico Walter Starkie, nun interesante libro que sobre o Camiño de

A Coruña, Misit Dives Galicia Pubem, Alegoría que representa a Galicia antiga, dun dibuxo de J. M. Velasco e Litografía J. M. Avrial (Historia de Galicia de J. Veres y Aguiar, 1838).



Santiago publicou en 1958, ilústranos acerca das intencións de Sir Francis Drake (para nós era sinxelamente un pirata, un extraordinario pirata navegante), que quería primeiro conquistar A Coruña para despois dirixirse a Santiago e destruír a catedral. É dicir, a heroína María Pita non só foi unha figura providencial para A Coruña senón tamén para Santiago. Pero é que, ademais, e segundo recolle moi ben Vicente Almazán no seu magnífico libro *Gallaecia Scandinávica*, os invasores viquingos que foron derrotados na Coruña pretendían o mesmo que Drake: asolar Santiago. Isto é, foron os valentes coruñeses destas distintas épocas os que defenderon ambas as cidades.

Starkie cita ó historiador Antonio López Ferreiro e á súa monumental historia da catedral compostelá ó falar de Drake. Polo seu interese reproducimos os dous parágrafos que en *El camino de Santiago* falan do tema:

Muchos años, ¡ay!, habían transcurrido desde que Santiago apareció en su blanco corcel. No se alzó de su tumba cuando en el verano de 1588 puso la Gran Armada sus velas hacia Inglaterra para vengar la ejecución de la católica María, reina de los escoceses. Ni se despertó al año siguiente, cuando Drake llegó a Galicia con un ejército de catorce mil hombres con el propósito declarado de apoderarse de A Coruña y destruir Santiago, centro de una perniciosa superstición.

El arzobispo de Compostela no tenía duda alguna acerca de lo que Drake se proponía hacer con la tumba del Apóstol, porque su amigo irlandés Strang de

Ossory, que por aquel entonces le acompañaba, le había relatado con todos sus detalles la fanática destrucción y saqueo de la tumba de Santo Tomás de Canterbury, que había tenido lugar el año 1538 por orden de Enrique VIII. Juan de Sanclemente, arzobispo de Santiago, así lo cuenta la tradición, optó al principio por trasladar las reliquias del santo, pero se abstuvo de hacerlo al ver un resplandor sobrenatural encima de la tumba; entonces pronunció las célebres palabras: *Dejemos al Santo Apóstol, que él se defenderá y nos defenderá*. Ordenó entonces que se construyese cerca una tumba con materiales procedentes de la primitiva y sepultó allí las reliquias del Santo y las de sus dos discípulos Athanasius y Teodoro. Y cubrió la tumba de cemento.

A relación compostelán-coruñesa era tan estreita que existían uns chamados dereitos de ancoraxe a favor do arcebispo. Corría o ano 1434, ano de "perdonança", e o número de peregrinos que chegaban á Coruña era extraordinario. Así o recollen Vázquez de Parga, Lacarra e Uría en *Las peregrinaciones a Santiago*.

Estes dereitos constituían un bo negocio para o arcebispo e no dito ano "le produjeron 405 coronas del cuño del rey de Francia, equivalentes a más de 14.000 maravedises".

En canto ós viquingos, debo dicir algo. Estes pirata-navegantes-conquistadores (extraordinarios piratas, extraordinarios navegantes, menos malos conquistadores) son considerados hoxe como pacíficos e civilizados cidadáns nórdicos que case, case facían turis-

mo polas costas españolas e portuguesas. Evidentemente, nas épocas que imos rememorar non é isto así. Chegaban ás nosas costas coas máis pérfidas intencións: arrasar cidades ou vilas e facerse co botín correspondente, formado por prisioneiros e toda clase de obxectos de valor. Na Coruña encontraron, por así dicilo, algo á súa medida e unha vez máis os heroicos cidadáns coruñeses -e coruñesas impediron- nalgunha das incursións, que os viquingos proseguiran o seu rumbo cara ó Sur. O recordo da dura resistencia coruñesa fixo que en sucesivas invasións os viquingos elixisen outras zonas máis ó Sur de Galicia e de aí a súa arribada á ría de Arousa e os seus asaltos sucesivos a Iria Flavia para seguir a Santiago, algún con mala fortuna, pero outros non tanto.

Vista parcial do porto coruñés hoxe, cun veleiro no primeiro termo, similar ós que transportaban peregrinos entre os séculos XIV e XIX.



No capítulo de agradecementos para facer realidade este libro debo sinalar a impagable axuda do director do Museo Arqueolóxico de San Antón, Felipe Senén, o que me permitiu profundar neste tema das peregrinacións por mar a Santiago, sempre a través do porto coruñés. O meu agradecemento a este ilustre ourensán que forma nas filas desa minoría oriúnda de Ourense que vive e desenvolve as súas actividades na Coruña.

Gracias tamén a colaboracións de Jaime Martínez, director da Oficina de Turismo da Coruña, sempre disposto a apoiar toda actividade cultural, e ó académico e escritor Antonio Gil Merino, de quen recollemos importantes datos sobre o tramo do Camiño da capital coruñesa a Santiago.

Á Xunta do Porto nos seus directivos, ó anterior presidente Jesús Pintos Uribe e ó actual D. Juan Manuel Páramo Neyra, xunto co seu anterior enxeñeiro director José Luís López Páramo e o actual D. Guillermo Grandío. Todos acolleron este proxecto de falar sobre a Ruta Marítima Xacobeá con grande interese e por ser un tema de actualidade.

Cumpre adicar unhas palabras para mostrar a satisfacción do autor deste libríño pola sensibilidade da Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago ao volver a presentar ós lectores os avatares da ruta marítima de máis fama nos séculos XIII, XIV, XV, XVI e XVII, un camiño polo mar desde o Norte europeo hasta as costas de Galicia, para eles "o país de Santiago". Naceu así o chamado con propiedade "Camiño Inglés" das peregrinacións ao Apóstolo, unha vía que hoxe, tras séculos de

aparente abandono, volve a rexurdir para alegría e satisfacción de centenaes de católicos dos países nórdicos que todavía recordan os viaxes dos seus antepasados ata o atractivo Sur de Europa.

Volve a vella igrexa parroquial de Santiago, na cidade vella coruñesa, a ser o punto de referencia dos peregrinos que inician o Camiño tras un duro viaxe polo encrespado Mar do Norte. A antiga Crunia quere tamén volver a participa na ruta espiritual europea que conduce a Compostela por tódolos camiños, pero cunha vocación especial de sentirse receptora dos camiñantes marítimos e protectora do descanso e recuperación de quenex via-xan desde casi o Polo Norte para gañar o xubileo.


Que os relatos, feitos e noticias que o lector interesado vai a leer nas seguintes páxinas o aproximen máis ao culto o Apóstolo peregrino e a siñificación e trascendencia do Ano Santo 1999.

Creo que no meu amor á cidade que me viu nacer tamén está o motivo principal desta crónica, convertida en libro pola xenerosidade das entidades ás que citei.

A.P.

CAPÍTULO I

1. PRIMEIRA ETAPA DA RUTA MARÍTIMA



A Ruta Marítima do Camiño de Santiago ten na Coruña e no seu porto a primeira etapa dos peregrinos que acudían a Compostela a postrarse ante a tumba do Apóstolo. Desde os máis apartados recantos do mundo chegaban ó peirao coruñés os devotos de Santiago o Maior.

Nos séculos XII e XIII, o chamado *Portus Magnus Artaborum*, (cos de Noia, Padrón, Mugardos, este último na ría ferrolá, e outros), era o punto de referencia de peregrinos que arribaban procedentes dos portos do Norte de Europa e aínda de Italia e da costa francesa

Cantigas de Santa María, de Alfonso X, segunda metade do século XIII. Estas miniaturas permítenos facer unha idea de cómo viaxaban polo mar os peregrinos.



mediterránea. Os peregrinos, unha vez na Coruña, facían a súa primeira visita ó templo de Santiago, igrexa románica da segunda metade do século XIII construída na Cidade Vella probablemente sobre un antigo asentamento romano. Hoxe pódense contemplar no templo os restos de columnas dedicadas ós emperadores romanos por súbditos coruñeses. Algunha delas atópase no Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón. Dúas das que se exhiben na igrexa serven de base a unha orixinal escultura, en pedra policromada, do Apóstolo que data do século XIV. Tamén do XIV era un fermoso Cristo que figuraba nun dos laterais do templo e que, sobre os anos cincuenta, foi trasladado ó convento da Rábida, en Huelva, onde se amosa como obra de gran valor. Coñécese como "o Cristo da Rábida" cando debería ser "o Cristo da Coruña". A razón do seu traslado non está, certamente, moi clara. Autores como Miguel González-Garcés denunciaron hai xa máis de dez anos esta auténtica espoliación.

Seguramente esta Ruta Marítima é a menos coñecida das que tradicionalmente conducen a Compostela. Malia que autores como Manuel Martínez Murguía, o P. Sarmiento, Andrés Martínez Salazar, Antonio de la Iglesia, Antonio López Ferreiro, Vázquez de Parga, Lacarra e Uría, os estranxeiros Street e Bottineau, entre outros, e o Cronista da Cidade, Juan Naya, o escritor Miguel González-Garcés, o párroco de Santiago desde hai varios anos, Manuel Veiga, e o historiador local Joaquín Vilas, dedicaron traballos a resalta-la; o descoñecemento é case xeral. Pesa moito o famoso Camiño Francés na peregrina-

Os distintos Camiños na área occidental europea. Desde o Mar do Norte e a Canle da Mancha pódese ver o itinerario que seguía a Ruta Marítima que conducía ó porto da Coruña.

1. *Brigantium, Boletín Museo Arqueológico. A Coruña, 1980.*

ción a Santiago para intentar desprazalo a un segundo plano con outros itinerarios que, así mesmo, conducen a Compostela. Hai outro camiño ou ruta que tamén ten os seus últimos tramos en Betanzos e A Coruña: o do Norte, desde a Bayona francesa por Santander, Xixón, Oviedo, Ribadeo, Mondoñedo, Lugo, Sobrado, Betanzos e A Coruña. Desde estas dúas localidades bifurcábase cara a Santiago. O Padre Sarmiento describe con gran minuciosidade os lugares polos que transitaban os peregrinos tanto desde Betanzos cara Mesón do Vento como desde A Coruña por Mesoiro, Castro de Elviña, Herves e Cabeza de Lobo, onde se cruza o que vai de Betanzos a Santiago. A partir deste último lugar, continuaba por Carballo do Poulo, Ventas do Cepo, Santa Cruz de Montaos, Sigüeiro, Sionlla e Porrón. Desde aquí chegábase á Porta da Pena, entrada tradicional para os peregrinos que, desde a capital da provincia, se dirixían á tumba do Apóstolo.



O Camiño Inglés.

1.1. PORTO ROMANO

O profesor A. Balil, da Facultade de Letras, Universidade de Valladolid, no seu traballo *¿Restos de un Puerto Romano en La Coruña?*¹ trata acerca da hipótese sobre a existencia dun porto romano na Coruña; a *Crónica -di-* referente ós cruzados británicos que participaron na conquista de Lisboa cita un pons que semella relacionable co sistema antigo de peirao, ben en arcadas vinculadas a unhas *pilae*, ben en *pilae* de cantería sobre as cales se tendían plataformas de madeira. Descrición dos sistemas semellantes que se empregaron abundante-

mente nas costas atlánticas e que recordan algúns restos de "pontes" romanas que utilizaron este sistema.


A referencia da crónica dos cruzados que tomaron Lisboa, independentemente dunha non indiferente descrición das costas galegas, inclúenos este misterioso *pons*.

No folclore galego abundan as citas a camiños que penetran no mar, case a modo de vaos ou corredoiras, asolagadas ó igual que se fala doutras cidades, p.e. a "Antioquía de Antela", asolagadas². Sen embargo, os autores da *Expugnacione* non se refiren a algo contado, senón a unha cousa "vista" persoalmente, con independencia dos dous "arcos" aparecidos un bienio antes e a lenda local, non incluída aquí, sobre o significado mistérico da aparición dos ditos arcos.

Parece pouco aceptable que puidera tratarse dun *pons* no noso sentido actual, pero, pola contra, parece relacionable co sistema antigo de construción de peiraos ben en arcadas vinculadas a unha *pilae* ben a *pilae* de cantería sobre as cales se tendían plataformas de madeira.

Non coñecemos estes restos dun peirao na Coruña, aínda que hai a posibilidade de que existan referencias en fontes escritas, pero haberá que ter en conta cómo sistemas semellantes se utilizaron abundantemente nas costas atlánticas e, doutra parte, recordar algúns restos de pontes romanas que empregaron este sistema.

Para o primeiro paso bastará recordar os peiraos tipo *wharf* cos seus peiraos formados



J. Ximeno la gr.

Antigo gravado da península coruñesa e o seu abrigado porto, coa Torre de Hércules antes da súa restauración e, en primeiro termo, o desaparecido castelo de San Diego, que co de San Antón gardaba a entrada do porto. (Gravado cortesía da Librería Arenas)

por unha plataforma construída sobre troncos ou vigas afincadas nos fondos. Para o mundo romano as descrições de Vitrubio sobre *pilae* teñen unha serie de paralelos no Mediterráneo, sexa en restos arqueolóxicos ou en representacións de portos.

Estes diques de arcada, fronte a sistemas antigos e modernos de diques macizos, intentaban evitar o depósito continuo de sedimentos no interior do porto.

Restos materiais de peiraos deste tipo -termina Balil- témolos en bastantes lugares. Entre os máis coñecidos pode citarse o caso do porto romano de Putteoli, hoxe englobados no dique moderno. Hai tamén unha serie de representacións antigas que parecen identificables co porto de Putteoli.

Referiámonos máis arriba ós cruzados que desde Inglaterra e outros países norteiros dirixíanse ora a Lisboa, ora a Xerusalén. Sobre o seu peito levaban unha ben visible cruz, que era como a marca e sigla destes cabaleiros cruzados. Nunha investigación e posterior traballo do escritor Felipe Senén López, cítase a estes cruzados medievais que deixaban sempre a súa pegada en pedras ou madeiras.

Ó porto coruñés arribaron centos de cruzados que, camiño deses lugares, facían a tradicional visita a Santiago. Di Felipe Senén que "A cruz é a firma dos cristianos, dos medievais cruzados alí onde van poñen e gravan sobre pedras ou madeiras a cruz, esquema de figura nacida dun triángulo ou círculo que representa o Calvario, como testemuñal acto de presenza. Comportamento semellante observou

Castelao nas peregrinacións dos poveiros portugueses ao santuario do monte de Santa Tegra, perto da ermida deixaban as marcas ou *siglas poveiras*...Cecais os polémicos petroglifos da coruñesa Punta Herminia e máis do Polvorín, perto da Torre de Hércules, sexan diste tipo.

A cruz tamén marca límites, como un esquema da rosa dos ventos que sinala os catro puntos cardinais, son as *cruces de termo*, que estudou Ferro Couselo, gravadas sobre marcos, chántos de monumentos do megalitismo, altares... dividindo terras de parroquias como propiedades.

Compostela, meta de peregrinacións naceu dun sartego atribuído ao amigo íntimo do señor... a vida camiña cara á morte da que sempre agroma nova vida. A cruz e a cuncha campa nas fachadas, nos altares, nas bóvedas da catedral compostelana. Os mesmos peregrinos ao chegar emocionados a Santiago, mudaban súas roupas, os vellos saiales, esclavinas pindurabana sobre a "Cruz dos Farrapo", acrótera sobre os angulosos tellados da basílica compostelana...

Non hai parroquia en Galicia -engade Felipe Senén- que non teña un ou máis cruceiros, e si nonos ten é porque os perdeu, algún desalmado cometeu un imperdonable pecado, pero de seguro que o cruceiro estará alí onde ten que estar, na encrudillada, no adro, no campo da festa. Castelao nas *Cruces de Pedra na Galiza* fai un detido examen de formas, conta leendas e fala de maestros canteiros, "arxinas" pontevedreses moitos diles, il mesmo dí que ca súa obra abre un camiño... Si ben cada crucei-

ro é unha historia moi particular que en moitos casos habería que incluír nos conxuntos parroquiais, tan pouco estudados: Igrexa, adro que pode ser cimiterio, hosario, casa parroquial e cruceiros. O cruceiro é inseparable da parroquia dos vivos e da parroquia dos mortos". Digamos nós que o propio Museo de San Antón posúe unha gran pedra coas cruces dos visitante cruzados á Coruña.

Noutro traballo, en *Brigantium*, do citado director do Museo, Felipe Senén López, titulado "*Arqueoloxía Sobmariña: Os materiais procedentes da badía coruñesa*", faise un estudio no que se realiza, inicialmente, un rápido percorrido pola historia das prospeccións subacuáticas en Galicia, así como a actividade subacuática da badía da Coruña, na que a partir de 1976 se levou dunha maneira coordinada con importantes achádegos dentro dunhas áreas concretas: "Parrote", lugar no que se conclúe coa localización dun primitivo porto romano e a zona da Pena das Ánimas, baixos submarinos que en diferentes épocas ocasionaron importantes naufraxios. Aníazanse as tipoloxías de materiais que van dende ánforas e cerámica de tipo romano, "catillas" de muiño circular empregadas como lastre. Asímesmo faise unha diferenciación cronolóxica de anforiñas e botixas, moi usadas no comercio de Indias dende o século XV ó XVIII e que chegaron a confundirse cos materiais romanos." Engade Felipe Senén López que "é frecuente na Badía coruñesa e no entorno devandito do Parrote atopar fragmentos (cuellos, panzas, asas) das ánforas vinarias pertencentes a modelo Dressel 1, ánfora itálica, tipo clásico que define un período moi concreto, entre os


séculos II a. C. ao I d. C., si ben a Galicia chegarían de xeito tardío e ao traveso dos portos da Bética, camiño das rutas das Illas Británicas. Recipientes moi usados para importación dos viños da Campania que acadaron gran pulo perante as Guerras das Galias e co que se negociou por toda a península.

Os estudos da Badía coruñesa comprefacelos dun xeito interrelacionado con outros asentamentos inmediatos a iste núcleo:

- Castro de Elviña.
- Torre de Hércules.
- Cidade Vella.
- Enterramentos Cantóns.

Ditos puntos terían na antigüidade unha importante interrelación, aspecto pouco estudado polos distintos eruditos. Velaí que no Castro de Elviña aparecen abundantes restos de ánforas (Luengo, 1956) que chegarían, posiblemente, a iste asentamento ao traveso do porto da Coruña. Por outra banda a existencia e a importancia do faro é un punto máis a ter en conta no estudo deste enclave portuario. Proba son os abundantes restos que se concentran nunha zona, O Parrote, lugar de tradición portuaria segundo observamos nos grabados e reproducións artísticas do séculoXIX.

Remitirémonos tamén aos autores clásicos que como Orosio fan relación a *Brigantia Gallaeciae civitas sita altissimum farum*, lugar ben situado nas rutas comerciais con Illas Británicas. Pier María Valdi, artista italiano que viaxa con Cosme de Medicis pola península.



Torre de Hércules.

3. N.º 5. Monografías urxentes do Museo Arqueolóxico. A Coruña, 1991.

Non cabe dúbida que o lugar idoneo pro asentamento diste porto, xa por ser o lugar máis protexido de Badía, pola testemuña gráfica e pola dispersión de material recollido, sería o entorno do Parrote, lugar no que hoxendía se establece o complello deportivo da Solana: Punto tamén no que ubicaba a Fortaleza, complello defensivo do porto en tempos medievais e renacentistas, quedando testemuñas orais de mariñeiros que confirman a existencia de muros asulagados que partían deste lugar.

Nucleo ideal por presentar un pequeno espacio de praia acaido pra reparación, calefactar naves que se vería completado por unha construción portuaria tipo pontillón, pois ao longo de todo o canal portuario aparecen grandes laxes, aproximadamente de 2 x 2 m que posiblemente pertencesen á primitiva construción do porto da Coruña. Sin entrar na polémica do *Artabrorum portus* do xeógrafo Ptolomeo e que diferentes autores colocan en puntos ben distintos."

Pola súa parte, na monografía *El comercio antiguo en el H.W. peninsular*³, Juan L. Naveiro López fai alusión a cerámicas romanas, atopadas no porto da Coruña e nas súas proximidades (zona marítima ártabra), como ánforas destinada a ser contedores de viño. As ánforas itálicas son as máis usadas para transportar viño e están datadas entre mediados do século II a. C. e mediados do seguinte. É a forma máis antiga de ánfora e corresponde á denominada LAMBOGLIA.

Respecto ó porto romano, coincide Naveiro con Balil en amosar a importancia do porto coruñés. "Las intalaciones de que se dota

al puerto de A Coruña -el faro se construye entre fin del s. I y principios del siguiente- y la ubicación en él de una probable *statio del portorium*, así parecen señalarlo. Pero en todo caso, no se documenta un transporte de mercancías, por lo que se podría pensar en una preferencia administrativo-militar en el carácter de estas rutas."

Fala despois do carácter excepcional do porto da Coruña e amplía a referencia anterior: "La construcción del famoso faro de la Torre de Hércules y de probables muelles de arque-rías, así como la presencia de funcionarios imperiales relacionados muy probablemente con un *statio del portorium*, le da un relieve que no sólo se corresponde con la actividad comercial. De hecho el faro se construye en un momento en el que el comercio marítimo, al menos el flujo mediterráneo, decae considerablemente, y los materiales de importación no parecen transcender a su hinterland inmediato. Su posición, como puerto de la capital del *Conventus* y como abrigo más septentrional de fácil arribada en la navegación atlántica, determina su interés estratégico, político y administrativo al margen de las actividades comerciales".

Codex Calixtinus. LIBRO I, Cap. I (Fol. IV r).



1.2. CLUNIA – CRUNIA – CRUNNA – CRUNIA

Xosé Ramón Barreiro Fernández, no seu libro *Historia de la ciudad de La Coruña*, afonda no significado do nome Coruña, nun traballo

case exhaustivo no que cita a numerosos autores, diversos manuscritos e incluso ó famoso *Codex Calixtinus* da catedral de Santiago acerca da orixe do topónimo Coruña.

O gran interese que ten esta investigación do profesor Xosé Ramón Barreiro, levounos a seguilo fielmente e a contribuír a desvelar de onde procede o nome da cidade coruñesa.

Refírese en primeiro lugar Barreiro á chamada Crónica do Pseudo Turpin e á súa relación co *Codex Calixtinus* e, polo tanto, coa historia xacobeá. Di o profesor que a existencia de máis de 100 manuscritos do Pseudo Turpin, desde o XII ó XVI, significa unha dificultade na súa interpretación, dado que non foi posible o texto completo.

Engade que nalgún destes códices, ó relacionar as cidades conquistadas por Carlomagno, menciona CRUNIA xunto a Compostela. Esta existencia dunha cidade chamada CRUNIA leva a Barreiro a preguntarse cándo foi escrito este texto.

Referíndose concretamente ó Pseudo Turpin di que á parte dos traballos de Gaston Paris o historiador Bédier defendeu a tese de que o autor do Turpin foi un recompilador da abadía de Cluny e fixo a crónica entre os anos 1140 e 1150.

Pero sigamos a Barreiro dado o interese do seu traballo:

“Meredith Jones, que nega que esta obra tivera o obxectivo que lle presume Bédier, xa que o tema xacobeo non é nuclear senón tanxencial, mentres que o principal é a sobrevalo-

ración de Carlomagno e a súa obra, quizais no intento de conseguir a súa canonización, estima que o seu autor, sen dúbida de orixe francesa, redactou a Crónica entre os anos 1130-1140.

Indicamos con anterioridade que se conservaban máis de 100 códices desta Crónica con cronoloxías dispares, xa que van do século XII ó XVII. O problema xorde cando advertimos que na relación de cidades "conquistadas" por Carlomagno moitos códices eliminan a cidade de Crunia da súa relación. Na reconstrucción dos códices e nun intento de deseñar unha posible "familia" de códices, Meredith-Jones distingue claramente dúas tendencias: unha, que chama A, e formada por moi antigos códices da Crónica e outra B, encabezada polo *Calixtino* do que derivarían outras dúas ramas, a C e a D.

Pois ben, nos códices da rama A falta a referencia á nosa cidade:

*Urbes et maiores villae quas tunc adquisi-
vit in Galetia, ita vulgo dicuntur: Visunilia
mecum, Dumia, Colimbria, Lucum, Aurenias,
Yria, Mindonia, Brachara metropolis, civitas
Sanctae Mariae, Wimarana, Ervina,
Compostela quamvis tunc temporis parva.*

Comparando ambos os textos encontramos unicamente dúas diferencias: a eliminación de Lamego, que sen embargo aparece nun códice, e a substitución de Crunia por Ervina, que nun códice está rexistrada como Erunia. Agora ben, todas as cidades citadas están perfectamente localizadas, xa que se trata de Viseo (Lamego), Dumio Coimbra, Lugo,

Ourense, Iria, Tui, Mondoñedo, Braga, Santa María de Guimarães (xa que non é correcta a separación entre ambas como se foran dúas cidades) e Compostela. Quedaríanos esa Ervina que aparece ó lado de Compostela sen fácil localización. Localización que sería posible no suposto de que Ervina non fora senón unha incorrecta transcripción do Crunia dos outros códices.

A nosa perplexidade aumenta se temos en conta que a tradución galega coñecida polos *Miragres de Santiago*, estudiada criticamente polo profesor J.L. Pensado tampouco se inclúe a cidade de Crunia, pese a que o código é de finais do século XIV ou comezos do XV e tratándose o seu traductor dunha persoa relacionada coas cousas de Galicia. O texto di así:

Et as cidades et vilas que y conquareu son estas: primeiramente Viseu, Lamego, Duumna, Coynbra, Lugo, Orense, Padron, Tui, Mondanedo, et Braga arçibispado, a çidade de Santa Maria de Guimaraes, Compostela, que era enton vila pequena.

Á vista destes textos cremos que xa se poden obter algunhas conclusións: se Crunia aparece no código Calixtino, compilado no século XII, e noutros códices que responden á mesma familia de códices, non se pode dudar da súa existencia, máxime cando anos máis tarde este tóponimo aparece perfectamente definido na documentación galega e correspondendo á actual cidade da Coruña. Haberá, por conseguinte, que explicar a ausencia deste topónimo nos outros códices ou a súa substitución por outro topónimo. Nos casos desta substitución, todo fai pensar que o

Erunia que aparece nalgúns códices pode ser un simple erro de transcripción o que motivaría a posterior evolución cara a un Ervinia cada vez máis afastado da Crunia primitiva. Máis difícil de explicar é a eliminación. (No famoso libro de Vázquez de Parga, Lacarra e Uría, *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, recóllense documentos ingleses nos que o nome do porto coruñés aparece como “portum GRWNE”, denominación que corresponde a un documento de 1456 que en certa maneira avala o que comenta no seu libro o profesor Barreiro).

A hipótese que cremos é que a Crónica do Pseudo Turpin, da que se descoñece o texto primitivo ou cero se descoñece, experimentou nas distintas localidades certas modificacións de acordo coa propia historia ou cos intereses que conviña destacar. A Crónica en Santiago (como sabemos a través do *Codex Calixtinus*)

Facsímil do relato da peregrinación a Santiago do inglés Robert Langton no vol. 3a Colb. Cítase A Coruña.

The pylgrimage of. 20. Robert Langton clerke to saynt James in Compostell. and in other holy places of Crystendome. With the name of every towne and the space betwene them. as well by Fraunce & Spayne as the butche way and other londes. And of the relykes and Wodres in certayne towncs & places. compendiously ordeced. as it appereth plainly in this present booke.



B Durbo. Alias sancte
 salua: o: .x.
 iii.
 Pont de larcua.
 iii.
 Saynt andre.
 vi.
 Loarca.
 iii.
 Raula.
 vi.
 Ruade.
 v.
 Villa maior.
 v.
 Villa alua.
 vi.
 Betans.
 iii. (gallor.
 Gronc. alias colonia
 vi. B:cke backe
 hospitall. (hyll.
 vi. C. Galicia.
 C. Compostella.
 iii.
 D Patron.
 iii.
 Compostella. Itz
 reuertendo.
 vi.
 Alcuta.
 iii.
 J.iii.

presenta importantes desviacións con respecto á outra familia de códices, ou familia A na terminoloxía de Meredith-Jones. É lóxico, xa que logo, que en Galicia, é dicir, en Santiago, se introducise esta cidade porque xa existía, unha cidade que por non ser capital episcopal, como son todas as demais citadas en Galicia e Portugal, era descoñecida noutras nacións e por iso, chegado o momento de transcribir o códice, se interpretaba mal ou sinxelamente se eliminaba.

Agora ben, o feito de que apareza no *Codex Calixtino*, compilación feita a mediados do século XII, non quere dicir que existise esta cidade xustamente no momento da compilación, xa que a nosa suposición se basea en que Crunia debeu xurdir como un primeiro intento de repobación por parte de Fernando II á altura dos anos 1164-1166. O que sucedeu foi que ó transcribirse o códice que hoxe conservamos e que sabemos que é do século XII, aínda que ninguén poderá dicir que este códice necesariamente teña que ser o primeiro nin fisicamente de mediados do XII, o copista que si xa coñecía a existencia desta cidade, introduciuna. Como está comprobado que o *Calixtinus* é de todos os códices na Crónica do Pseudo Turpin o máis antigo, explícase que desde aquí pasara ós outros códices.

De non ser correcta a nosa suposición e de sosterse que o *Códice Calixtino* é fisicamente o orixinal e, por conseguinte dos anos 1140, entón habería que adiantar a data de repoboación de Crunia a mediados do século XII, aínda que historicamente non hai argumento ningún a prol desta prematura repoboación e si en cambio encaixaría perfectamente coa

política repoboadora auspiciada por Fernando II en Galicia.”

Máis adiante o profesor puntualiza que a segunda referencia documental que temos sobre a existencia da cidade de Crunia con anterioridade á repobación de Alfonso IX é o chamado Foro dos Cregos, ou privilexio que o rei D. Fernando II lles concede ós clérigos da cidade de Crunia.

Este documento, curiosísimo, foi localizado por Vedía y Goossens, quen buscando inutilmente unha carta de Fernando II dirixida á cidade da Coruña, encontrouse cunha copia deste documento que abría novas perspectivas para o estudio da historia desta cidade.

O descoñecemento deste privilexio, ata o século XIX, explícase se temos en conta que non se atopa nin no orixinal nin en copia, senón integrado nun acordo municipal do ano 1574 onde, como é natural, ninguén podía crer que se encontrara un privilexio do século XII. A razón desta inclusión nun acordo municipal é a seguinte: en 1573 ou comezos de 1574 o Concello impúxolle unha contribución en trigo ó clero da cidade para atender as necesidades da poboación. O 15 de xaneiro de 1584 preséntase ante o Correxedor, rexedores e procuradores do Concello, o canónigo Manrique e dous vicarios e mordomos da Confraría de Todos os Santos da cidade, solicitando a exención no imposto, fundados nun privilexio do rei D. Fernando II, polo que facía exentos de impostos ó clero e a institucións eclesiásticas. Presentan entón o documento, que é copiado nas Actas Municipais e que é o que permitiu conservar o dito documento para a posteridade.

Este privilexio foi dado polo rei D. Fernando II o 28 de abril de 1180, estando o rei en León, ocupado nas loitas intestinas entre o seu reino e o de Castela, é dicir, entre el e o seu sobriño Alfonso VIII.

Ten unha extraordinaria importancia porque nos sitúa no ano 1180, no que xa existe a cidade da Cruña, co seu concello e organización municipal, cun clero poderoso xa que consegue un importantísimo privilexio do rei. Un privilexio non só de exención de impostos senón tamén de foro, é dicir, nel exímese ó clero de xurisdicción ordinaria para sometelo exclusivamente á eclesiástica.

É un privilexio tan favorable, que presu- pón o establecemento do clero e un sistema municipal suficientemente desenvolvido, e porque o testemuño máis antigo deste privilexio se localiza no século XVI, non é de estrañar que manteñamos certas reservas sobre a súa autenticidade. Repasando a Regesta de Fernando II, editada polo profesor J. González, na que se dá conta de forma exhaustiva de todos os documentos de Fernando II, encontrámonos con que a única noticia que González ten deste documento procede igualmente dese acordo municipal. É dicir, que non quedou testemuño ningún, nin noticia, a excepción deste documento que presentan os clérigos da Coruña, con ocasión do cobro dun imposto e no século XVI, xusto cando a crítica textual estaba tan pouco desenvolvida que calquera documento inventado podía pasar sen que ningún o percibise.



Fernando II de León
(1157-1188). Tumbo A da
Catedral de Santiago, f. 44r.

Non queremos -engade- rotundamente negar a autenticidade deste documento nin

lles restar importancia ás noticias históricas que nel se conteñen, pero presupón tal organización municipal e un establecemento dun corpo clerical tan ben consolidado que estraña que esta cidade e municipio non fora recordada en toda a documentación do momento.

Dando por válido o documento, encontrámosnos con que á altura do ano 1180 funcionaba un municipio nesta cidade, que xa é coñecida como Cruña.

O rei Fernando II desenvolveu unha intensa actividade repoboadora, non só en León senón tamén en Galicia, xa que non podemos esquecer que é quen poboaa a vila de Noia, quen lles dá foros a Padrón (1168), a Pontevedra (1.168), a Caldelas (1.169), etcétera.

Di despois que vemos como se introduce, para designar esta cidade, unha nova palabra: Crunia (Crónica do Pseudo Turpin) ou Cruña (Forma romanceada do Foro dos Cregos, que no seu orixinal latino debeu ser igualmente Crunia). Preguntámonos agora a cuestión da orixe deste topónimo.

As formas que adoitan aparecer nos primeiros documentos son Crunia, Crunna, Curunia sen que se poida establecer unha evolución cronolóxica, xa que a forma, en principio, primitiva, Crunia segue aparecendo a mediados do século XIII, mentres que formas aparentemente máis evoluídas, como Curunia, xa se encontran no século XII. Incluso nos encontramos co feito de que ó redactarse as distintas confirmacións reais, e, por conseguinte, ó integrar os documentos antigos, non poucas veces o escribían non segue ó pé da letra o

texto orixinal e cambia a palabra. Isto sucede, por exemplo, na confirmación dos privilexios que fai o rei D. Juan , dada en Guadalajara, o 22 de maio de 1408, onde se copia o primeiro privilexio de Alfonso IX que no orixinal poñía Curunia e, sen embargo, o escribán pon Crunia.

A forma Coruna aparece xa no século XIV, como precedente inmediato da forma actual, o mesmo cá forma Corunna."

Entre outros autores cita a Martínez Salazar e unha teoría que recolleremos pola súa orixinalidade e interese.

Martínez Salazar presenta dúas posibles derivacións: Coruña podería derivar de Clunia-Cum, propio da abadía de Cluny. Aínda que recoñece que a súa "congetura" non o satisfaga de todo no terreo lingüístico, hai ou encontra unha serie de razóns históricas que a fundamentan. Di que desde Afonso VI hai unha corrente moi estreita entre Francia, e en particular Cluny, con Galicia. Podería Afonso VII, igualmente fervoroso do francés e propulsor dos cluniacenses, ter cambiado o nome primitivo por este.

"Martínez Salazar -engade Barreiro- inclínase máis, sen embargo, pola palabra latina *colonia* (Ptolomeu chámalle a Clunia *Colonia*, o mesmo que outros autores latinos). De *Colonia* sairían dúas direccións que conclúen en Coruña e que están testemuñadas na documentación medieval:

Colonia { Culunia-Curunia-Corunna-Coruña
Clunia-Crunia-Crunna-Cruña



Alfonso IX rey de León
(1188-1230). Tumbo A da
Catedral de Santiago, f. 62v.

Pero como moi ben sinala o mesmo autor, se é posible seguir o proceso lingüístico do nome da Coruña, non é tan fácil seguir o proceso histórico, porque habería neste caso que especificar de ónde arrinca o primitivo *colonia* e por qué neste momento se altera o nome da cidade.

Recentemente o profesor Moralejo Lasso volveu incidentalmente sobre a etimoloxía de Coruña. Sostén que deriva de Clunia e esta dunha raíz posiblemente céltica, exactamente como a Clunia de Burgos derivou en Coruña del Conde. Recolle as formas antigas "clunia", "cluniensis", "klunia", "culunia" que aparecen nos textos latinos dos primeiros séculos da romanización e opina que a evolución desta hipotética base ata as formas castelán e galega non foi regular, quizais pola influencia medieval culta e conservadora na primeira sílaba que ten en común o cambio do *l* en *r*, cando o normal sería que o grupo *cl* derivara en *ch*, como *clave* en *chave*, aínda que a irregularidade está en que *cl* deriva en *cr*, como *clavu* dá *cravo*.

A existencia do artigo, explícaa, como no caso de O Ferrol ou de O Bierzo, A Estrada, etc., porque o topónimo na súa orixe tivera (quizais) unha significación viva na lingua."

Barreiro finaliza a seu interesantísimo traballo apuntando que "se a evolución parece clara desde o punto de vista filosófico, dado que a documentación medieval confirma plenamente esta evolución, o que queda por saber é por qué motivo reaparece ó cabo de tantos séculos unha forma clunia aparentemente descoñecida nesta comarca ou, alomenos, non integrada na onomástica e toponimia antiga

coñecida. Chegados a este punto, temos que recoñecer que nos falta toda indicación posible. Unicamente Vaamonde Lores, hai xa bastantes anos, adiantou a idea de se Bragancia e Clunia (el Chámalle Crunia) non serían dous barrios da primitiva cidade romana, e incluso indíxena, nomes que deberon permanecer durante séculos aínda que pola súa pouca entidade, sobre todo este último, non encontraran eco na documentación. Cando se tratou de reedificar a cidade, sen dúbida pola estratéxica posición de Crunia, acordouse reedificala sobre este barrio, o que explicaría a aparición dun nome que, en realidade, só sería unha resurrección. Sen embargo, Vaamonde de Lores non achega ningunha razón para a súa hipótese ou interpretación, que, en principio, non debe ser rexeitada."

1.3. CRUZADOS ALEMÁNS E HOLANDESES

Existen numerosos testemuños, e así o recollen algunhas publicacións (por exemplo Yves Bottineau en *El Camino de Santiago*) da arribada de barcos á Coruña con peregrinos... Di, por exemplo, que no 1217 se reuniron no peirao alemán de Darmouth cruzados alemáns e holandeses para emprender viaxe por mar á urbe coruñesa e seguir a Portugal. Desde A Coruña continuaron a pé, postráronse ante a tumba do Apóstolo e retornaron á Coruña para reembarcar rumbo a Lisboa, onde participarían na loita que mantiñan os portugueses contra os musulmáns. Sinala Bottineau, a propósi-

to dos perigos que corrían os peregrinos tanto por terra, asaltados ás veces por bandoleiros, como por mar, acosados polos piratas ingleses, as peripecias duns alemáns do Norte que, desde Danzig, chegaron á Coruña para continuar a Santiago. Corría o ano 1378 e os peregrinos fixeron con toda normalidade a súa visita ó Apóstolo. Regresaron e volveron a embarcar rumbo ó Norte. Ó pasar Cabo Ortegal, o veleiro foi abordado por piratas ingleses. Tres tripulantes resultaron mortos e o capitán ferido. "Os ingleses -di o escritor francés- cortáronlles os dedos para apoderarse das súas sortellas e logo arroxáronos ó mar. Despois desvalixaron a outros tripulantes e ós outros pasaxeiros, pero, alomenos, deixáronos con vida."

Os xermanos foron os máis asiduos e formaron o maior continxente de peregrinos nestes séculos. En 1473 partían de Hamburgo catro navíos rumbo á Coruña para peregrinar a Santiago. Non sufriron abordaxe dos piratas porque xa os mares neste século estaban máis vixiados, as naves eran grandes e levaban máis tripulación, polo que tiñan suficientes medios para se defender. Máis adiante desenvolveremos en profundidade este tema dos peregrinos do Norte.

No 1501, Ano Santo, a infanta Dna. Catalina veu embarcar á Coruña para se dirixir a Inglaterra, onde debía desposarse con Arturo, Príncipe de Gales, segundo conta Villaamil y Castro en *Galicia Diplomática*. Aproveitou a viaxe para gañar o xubileo do Ano Santo. Por certo que, segundo nos relata Filgueira Valverde en *Adral* de 1979, o famoso botafumeiro da catedral sufriu nesta ocasión

4. Hombres y navíos de la Invencible. Fernando Urgorri Casado.


un accidente e caeu ó chan. Di que “Cando pasóu por Compostela a filla dos Reis Católicos, Dona Caterina, pra se esposar co Príncipe de Gales, según conta un “Memorial de Cosas Curiosas” da Biblioteca Colombina, estando a Basílica chea de xente que máis non cabía, quebráronselle as cadeas ao incensario, “tan grande como una gran caldera” e “tal como si tiraran una bombardas, salió, sin derramar una sola ascua, por la puerta de la iglesia, donde se hizo pedazos, y se vertió toda la lumbrere que en él estaba, sin hacer mal a ninguna persona”. Mal agoiro, que as dúas bodas da Infanta de Aragón en Inglaterra foron desgraciadas.”

1.4. A ARMADA INVENCIBLE

A comezos do verán de 1588 chegan á Coruña os buques que formaban a chamada Armada Invencible. A escadra española procedía de Lisboa e refuxiouse no porto coruñés a causa do temporal. Levaba a bordo ó máis selecto da Armada española. Nomes tan importantes como o Duque de Medina Sidonia, que mandaba a flota, os mariños Recalde, Oquendo e Bertendona⁴, entre outros, así como personalidades de gran prestixio na milicia e na política, permanecen na cidade un mes e aproveitan o tempo non só para visitar o templo, entón castrense, Santiago, senón para desprazarse a Compostela a pedir apoio ó Apóstolo na súa importante misión contra Inglaterra. De certo, nos lles axudou moito o Patrón das Españas porque ós poucos meses regresaron derrotados.

A fins de xullo, parte a Gran Armada. Distintos avatares fan que sufra unha humillante derrota que dispersa á flota. Tres meses despois da súa partida, comezan a retornar os primeiros buques derrotados, repletos de tripulantes desmoralizados e enfermos, recollidos gran parte deles doutros navíos que foron destruídos pola Armada inglesa ou naufragaron. O primeiro en arribar é o "San José", ó mando de Recalde. Séguelo despois "La Ragazzona", que ten como comandante a Martín de Bertendona. Este navio é o de maior tonelaxe da Armada. E a estes dous buques séguenos outros, gran número deles nun estado lamentable coa maioría das súas tripulacións en penosa situación. Permaneceron varios meses na cidade, mentres os barcos eran reparados e os enfermos atendidos. Outra vez é a igrexa de Santiago lugar de visita e ata de

La Coruña, Heroísmo de María Pita, cerco de La Coruña, ano 1589, Litografía de Puga e Giraudier.



peregrinación na procura de apoio moral ás súas desgracias e novamente organízanse peregrinacións á tumba do Apóstolo en petición de gracia. De regreso, algúns retornan ás súas terras, xa restablecidos; outros, permanecen na Coruña, convalecentes ou enfermos. Pagarían pouco despois moi caro o seu estado físico porque, en maio de 1589, Francis Drake e unha poderosa escadra chegan á Coruña e elixen como vítimas a estes sufridos soldados.

A valentía dunha muller, María Pita, precisamente freguesa da igrexa de Santiago, fixo retroceder a Drake e os seus homes, que reembarcaron tralos seus habituais saqueos, destrucións e incendios. A heroína postrárase despois na súa parroquia ante a imaxe pétrea do Fillo do Trono para lle agradecer a súa intercesión e a derrota inglesa. Detrás deste

A Coruña, Vista do porto e cidade, no primeiro plano o castelo de San Antón (debuxo do natural de A. Caula) Col. de F.A.Q.



5. *El camino de Santiago*,
Walter Starkie.

agradecemento coruñés está o de Ssantiago, dado que Drake (como dixemos en anteriores liñas) pretendía destruír a catedral compostelá⁵.

Durante os séculos XVII e XVIII seguiron arribando barcos con peregrinos alemáns, ingleses, franceses e nórdicos. Os galos fixérono nunha peregrinación de veciños de Angers en 1750. A finais do século XVII, Luis XIV publicou dous edictos prohibíndolles ós seus súbditos as peregrinacións a Santiago. Isto foi como un acicate, dado que a comezos do século XVIII a afluencia é tal que o templo resultaba pequeno para peregrinos europeos, especialmente alemáns, franceses e italianos.

Os franceses viñan en gran número polo porto da Coruña e así. en 1792, o Vicario Xeral da diocese de Angers (Francia) escíbelle ó cabido de Santiago, desde A Coruña, que é tan importante peregrinar a Santiago que o Cabido de Angers contaba por presentes durante seis meses ós canónigos que visitaban o sepulcro do Apóstolo. Eran os antecesores deses outros viaxeiros singulares que, en buques de luxo, aínda chegan ó porto coruñés para desembarcar, facer a visita á cidade do Apóstolo, retornar á Coruña para reembarcar e seguir a súa viaxe a outros portos.



Retrato de Mariana de
Neoburgo por Claudio Coello.

1.5. PERSONAXES IMPORTANTES

Varios personaxes importantes tamén peregrinaron por esta Ruta Marítima, como Don Juan de Austria en 1668, e a raíña Mariana

de Neoburg, esposa de Carlos II. En 1689 anunciouse a súa chegada polo mar á Coruña, camiño de Compostela. Procedía de Holanda e un forte temporal impediú que desembarcase na Coruña e fíxoo en Mugar dos, na ría de Ferrol, en abril de 1690. Logo desprazárase por estrada á capital coruñesa, onde estivo o tempo preciso ata iniciar a súa viaxe a Santiago para venerar o Apóstolo.

Arredor destas importantes visitas recolle-mos da *Historia de la Sta A.M. Iglesia de Santiago de Compostela* unha referencia máis ampla da chegada a Galicia de ambos os personaxes.

Di López Ferreiro no seu citado libro que: "el 24 de noviembre de 1689 en el Cabildo de la Catedral se dio cuenta de una carta dirigida por el Gobernador y Capitán general de Galicia Conde de Puñonrostro, al arzobispo, en la cual se decía que habia muchas probabilidades de que viniese a desembarcar en La Coruña S.M. la Reina Dña. Mariana de Neoburg. Don Carlos II, por poder al Rey de Hungría, casó en Neoburg el 28 de agosto de 1689 con Dña. Mariana de Neoburg, hija del Duque de Neoburg, Felipe Guillermo, Elector Palatino del Rhin, y de Dña. Isabel Amalia de Hesse. Bajo la escolta de una gran armada inglesa, había de embarcar en un puerto de Holanda con el fin de llegar a Santander, á donde á fines de Septiembre había salido la corte á esperarla. Hubo de desistirse de este itinerario porque, por la carta del Conde de Puñonrostro, en Noviembre era ya esperada en La Coruña. Acordó el Cabildo que el Canónigo Fabriquero fuose á Portugal y

trajese lo necesario para vestir á los 16 lacayos, 16 pajes y 6 capellanes, que habían de acompañar á los Prebendados que habían de ir á La Coruña á dar la bienvenida á S.M. el día 14 ó 15 de Enero de 1690 á petición del Marqués de los Balbases, Caballerizo mayor de S.M., que se hallaba en Santiago de paso para La Coruña, se celebró una misa solemne en el altar del Apóstol.

Un temporal impidió que la Reina pudiera desembarcar en el puerto de La Coruña, por lo que tuvo que desembarcar al 6 de Abril en la villa de Mugardos, desde donde por tierra pasó á La Coruña, en la cual era esperada desde fines de Marzo. En 25 de este mes acordó el Cabildo que se diesen á cada Capitular de los que fuesen á La Coruña 5.000 reales "para el gasto, aliño e atavio de pajes, capelláns y lacayos". Manuel de Silva Basunto, al Arcediano de Reina Don Martín de Mier, al Penitenciario D. Juan Velo y al Magistral D. Eliseo de Zúñiga; los cuales irían acompañando al Arzobispo, que también se encaminó á La Coruña para esperar á la Reina.

Llegó Dña. Mariana de Neoburg á Santiago el 16 de Abril. Entró en a Catedral por la puerta del Obradoiro, en donde la esperaba e Arzobispo vestido de Pontifical y todo el Cabildo en forma de Comunidad; y después de haber echo oración ante el alaar del Apóstol y de cantado el *Te Deum*, se salió por la puerta de la Azabachería."



TERCERA NOTICIA

DIARIA, EN QUE SE PROSIGVE LA REAL Jornada de la Reyna nuestra Señora Doña Maria-Ana de Babilonia y Neoburg, Digníssima Esposa del Rey nuestro Señor D. Carlo Segundo (que Dios guarde) de este Sabado 1. de Abril, que quedó en Magistral en la Ciudad, hasta Miércoles 19 de dicho Mes, que salió con su Real Familia de la Ciudad de Santiago, después de aver cumplido su Romería, y Real Devoción.

Ofrenda, y Limpieza que su Magestad dexó en el Templo del glorioso Apóstol.
Con otras Particularidades, que concien en las mas reciente Cartas.

Publicada Martes 25. de Abril de 1690.

EL deseo de gozar anticipadas estas Noticias, como tan vez en el Español Afecto, que excede en ligereza al Tiempo mismo. Por esta razon, en su Primera, y Segunda, se participó al Publico con entera libertad, que ni cuidado se podía observar. En esta Tercera referiré conciso las que ocurren de nuevo, con algunas circunstancias, que son dignas de ser impresas, que faltan á las antecedentes, y son muy interesantes Carta 2.

Portada do relato da viaxe da Rainha Mariana de Neoburgo a Santiago.

(Facsimile publicado pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 1998)

6. Xa en novembro de 1667, o Cabildo de Santiago, a petición do Condestable D. Íñigo de Velasco, Capitán Xeral de Galicia, acordara formar unha compañía de 100 homes para enviar a Flandres ó mando de D. Gonzalo de Porras.
7. Neste día foron nomeados dous Conónigos para que saísen a recibir o Infante. Fixéronse para as acémilas dous repousteiros de veludo carmesí cos seus hábitos e armas de Santiago, de chamebote de prata cos seus perfís e torzais de fio de ouro e franxas do mesmo.
8. O Cabildo recibiu de D. Juan cartas datadas na Coruña a 27 e 30 de Abril.

También fue visitada la Iglesia compostelana por un ilustre personaje el Infante D. Juan de Austria, hijo bastardo de Felipe IV. Señala López ferreiro que para dar cumplimiento "a las órdenes de la Reina Regente Dña. Mariana de Austria, había salido de la Corte para ponerse al frente del ejército y armada que estaba reuniéndose en La Coruña con destino á Flandes⁶. En Santiago, donde era esperado desde el 3 de Marzo⁷, llegó el Infante el 11 de Abril de 1668, y en el mismo día recibió la bienvenida de una comisión del Cabildo compuesta de seis Prebendados, precedidos de seis capellanes de Coro y de los dos pincernas. El 21 de Abril, en vista de la manifestación que el día antes había hecho el Revmo. P.M. Fr. Agustín Antolínez, confesor de D. Juan, acerca del propósito que abrigaba su Alteza de ofrecer y dotar una lámpara para ante el Altar de Santiago, de quien sempre había sido muy devoto, acordó e Cabildo celebrar todos los años por su intención una fiesta solemne, y después de su muerte un acto fúnebre, el día siguiente al de la consagración de la Iglesia, *"por aver sido el en que S.A. onrró al cavildo asistiendo á la procesión y Missa solemne comulgando en ella con gran deboción y edificación del pueblo"*.

D. Juan regresó a La Coruña y volvió en el mes siguiente a Santiago⁸, pues en 16 de Mayo fue de nuevo cumplimentado por el Cabildo en la misma forma con que lo había sido la vez primera. Por lo que él mismo iba observando pudo llegar á convencerse de que de trataba de una intriga

cortesana paea alejarle de la Corte; y no estando dispuesto á hacerse juguete de tales manejos, fué difiriendo para mejor ocasión el embarcarse en La Coruña. En esto recibió de la Reina regente Dna. Mariana de Austria un decreto fechado el 3 de Agosto, por el cual se le mandaba que se retirase á su priorato de Consuegra y que permaneciese allí hasta nueva orden. En La Coruña debió de recibir D. Juan este mandato, que por de pronto no titubeó en poner en ejecución. En la interesante carta, que su confesor el P. Antolínez escribió el 16 de Agosto desde La Coruña al Prior de San Agustín de Santiago, se revelan los verdaderos motivos que tuvo D. Juan para negarse á hacer dicha jornada. *"Aunque sienta arto la yda á Consuegra -dice el Padre Antolínez- es menos mala que la de Flandes, porque las noticias que ai son muy trabajosas y las asistencias habían de seer ningunas, pues antes de embarcarse abían faltado, y otro millar de cosas que an ymposibilitado la yda, y la principal que yo ymagino es la composicion de la paga de unos quatrocientos mil Rs, de á ocho, que piden olandeses y yngleses de unas tropas que tuvieron lebantadas por orden de el Emperador para obligar al francés (Luis XIV) á que hicieselas paces (como las hizo Aquisgrán á 2 de Mayo de 1668), y no ir ya sino poco dinero. Ojalá que estemos quietos en Consuegra, que lo que deseo es la permanencia en alguna parte sea la que fuere."*

"El carruage avisan por correo extraordinario estará aquí á fin dela seman que viene, con que de Domingo a Lunes en ocho días saldremos de aquí, yo creo me apartaré de Su


9. Noutra carta, datada na Coruña o 23 de agosto, escribe:
"La partida de Su Alteza será el Sábado a Betanços; ya á començado á venir el carruage y estará aquí mañana."

Alteza en Medina de Tioseco, y sino me aparte, de Consuegra yré á Madrid con el mesmo carruage por componer algunas cosas y dar á hacer la lámpara para el Santo Apóstol que corre por mi cuenta⁹."

El 5 de Octubre de 1668 escribió el Cabildo " Á Su Alteza D. Juan de Austria dándole la buena llegada desde la Coruña a su priorato de Consuegra."


Outra longa lista de personaxes fixeron esta mesma ruta, moi famosa naqueles séculos e esquecida pasados os anos. Sen embargo, tivo a súa importancia e contribuíu ó esplendor da igrexa de Santiago na Cidade Vella coruñesa, o templo máis antigo e repleto da historia tanto da cidade como santiaguista, ó ser lugar de obrigada visita de todos os peregrinos que chegaban camiño de Santiago de Compostela. A igrexa sufriu dous incendios que a destruíron parcialmente nos anos 1531 e 1779, pero foi reconstruída e é hoxe, coa Torre de Hércules, un dos principais monumentos da cidade.

Veremos noutro capítulo detalles máis concretos deste templo.



CAPÍTULO II

1. OS VIKINGOS, PRECURSORES DOS VIAXEIROS MARÍTIMOS



OS navegantes viquingos foron os precursores dos peregrinos que na Idade Media chegaron a Santiago. Imos dedicarlles un capítulo para coñecer as rutas marítimas que seguían e sinalar cómo os viquingos tamén elixían á Coruña como porto principal das súas correrías. Por outra parte, como veremos, a súa intención era chegar a Santiago e apoderarse dos seus posibles tesouros.

Arribaron nas súas lixeiras embarcacións e a prol dun suave vento do Leste, abordando as costas galegas nos séculos IX, X e XI. Evidentemente, os viquingos non viñan en peregrinación a Santiago, pois outros eran os seus afáns. Eles mesmos dificultaron a presenza de peregrinos nórdicos asaltándoos ben na viaxe cara a Galicia ou ben ó regreso. Marcaron así unha época turbulenta que non chegou a maiores precisamente pola segura intervención protectora do Santo Apóstolo.

Sinala Vicente Almazán no seu libro *Gallaecia Scandinávica* que a primeira noticia da presenza viquinga en terras galegas data de antes de 861 e se encontra nos *Annales Bertiniani*, chamados así por proceder do Mosteiro de San Bertín (Bélxica). Estes *Annales*

constan de tres partes e representan un valioso documento para a historia xermánica. A segunda parte foi escrita por Prudencio, bispo español de Troyes, e cobre o período que vai desde o 835 ata o 861. Descríbense aquí amplamente as incursións viquingas (*piratae Danorum*) polas costas e terras atlánticas de Francia e os Países Baixos.

Segundo estes *Annales Bertiniani*, os viquingos chegaron no ano 844 empurrados por unha tempestade contra ás costas cantábricas, seguindo logo ata Galicia. Como non temos noticias máis antigas e as incursións por terras francesas son moi pouco anteriores, debemos concluír que esa foi a súa primeira entrada en Galicia. Temos, ademais, outras fontes que confirman o escrito por Prudencio. El *Chronicon Albeldense*:

A ría de Arousa co que queda das torres construídas para rexeita-los ataques dos viquingos. (V.A.).



*Eo tempore [reinado de Ramiro I]
Lordomani in Asturias venerunt.*

O *Chronicon Sebastiani* é máis preciso ó falar do Reinado de Ramiro I.

Se a estas crónicas lles engadimos a información doutros autores, como o académico Enrique Chao Espina, a de Vázquez de Parga, Lacarra e Uría e a obtida polas historias árabes, os feitos preséntansenos claramente; os viquingos chegaron por primeira vez á Península Ibérica durante o reinado de Ramiro I e realizaron varias incursións pola costa en dirección ó oeste ata chegar ó porto da Coruña. Aquí desenvolveuse unha batalla na que sufriron unha grave derrota e a perda de moitos barcos. Como as fontes árabes nos relatan que os viquingos se vingaron en Sevilla o 1 de

Todo o que queda de San
Cibrán de Logo, nas orelas da
ría de Arousa. (V.A.).



10. *Historia de Galicia*. Vigo. 1978.
11. *Historia de Galicia*. Manuel Murguía. A Coruña 1891.

outubro do 844 da derrota sufrida na Coruña, é de supor que a primeira incursión dos viquingos en Galicia se producira durante o verán do mesmo ano. Segundo o *Códice Roda*, esta primeira invasión tivo lugar exactamente o primeiro de agosto.

Din Almazán e Chao Espina que a intención desta incursión do ano 844 non era a de establecerse en Galicia, senón a de obter algunha presa e continuar logo "cara al oeste". A flota que semellante derrota sufriu na Coruña, puido, sen embargo, continuar os seus actos de piratería, e apareceu pouco despois no esteiro do Texo, saqueando a cidade de Lisboa, xa en territorio musulmán, durante trece días. De alí seguiron a Cádiz, fixeron logo escala na embocadura do Guadalquivir, e o 29 de setembro levouse a cabo o saqueo e incendio de Sevilla, tamén documentado nas fontes árabes, que provocou o pánico por toda Andalucía. O número de embarcacións viquingas estimadas varía segundo as fontes. Para uns serían 54 ó chegar a Lisboa, para outros 80 ó chegar a Sevilla. Para outros foron 70 as destruídas na Coruña, polo que é fácil deducir a enormidade daquelas armadas, aínda que non é probable que formasen unha flota compacta, senón que máis ben se desprazarían varias pequenas flotas independentemente e, en ocasións, se xuntarían e ata coordinarían algúns ataques.

Algúns historiadores propuxéronlles nomes -engaden- ós invasores, baseándose en conxecturas dificilmente comprobables; así Vicente Risco¹⁰ dinos que esta primeira invasión viquinga ía ó mando de "Wittingur, Howich o Bjoern Côte-de-fer". Murguía¹¹ tamén menciona a Bjoern Côte-de-fer, seguin-



Os viquingos na Coruña.
Debuxo de José Ramón dunha
talla do Salón de Sesiões do
Concello de A Coruña.

do ó P .Santa María. "Sin embargo, no pude encontrar -di Almazán- en las fuentes hispánicas ni en las esvandinavas ninguna evidencia de la presencia de estos personajes en Galicia o en cualquier otro lugar de la Península Ibérica."

Esta primeira incursión viquinga a Galicia limitouse a un rápido ataque e non deixou máis que o recordo dunha "gens crudelissima", considerada máis feroz cós musulmáns: "sin respetar lo sagrado, eran más funestos que los Moros".

1.1. ONDAS VIQUINGAS

A segunda onda de incursións viquingas prodúcese no reinado de Ordoño I, que sucede a Ramiro I, que reina desde 850 ata 866.

As crónicas do Albeldense e do Sebastiani non indican data nin lugar exacto da segunda invasión, pero os historiadores hispano-árabes sinalannos que esta incursión tivo lugar no ano 858.

Esta vez os viquingos atacaron por unha ría de máis fácil penetración: a de Arousa. Esta ría, ademais de ser máis ancha ó entrar e de ir estreitándose pouco a pouco, posúe praias e illas de gran comodidade para os invasores, que utilizaban como lugar de descanso ou punto de base para a repetición de ataques, tal e como aconteceu na primeira invasión viquinga cando empregaron con este propósito a illa Menor, illote do Guadalquivir, así como outro non identificado, xunto á embocadura do río Tinto.

12. Antonio López Ferreiro.
*Historia de la Santa A.M.
Iglesia de Santiago de
Compostela.*

Pero a elección desta ría baseábase na circunstancia de estar situada no fondo de Iria Flavia, o porto máis próximo a Santiago. Compostela xa se convertera nun centro de peregrinación e é case seguro que os viquingos coñecían a súa importancia e escoitaran tamén falar do "ouro de Galicia".

Na *Elis saga ok Rosamundu* (Saga de Elías e Rosemunda), adaptación norueguesa (escrita entre 1126 e 1263) da *Chanson d'Elie de Saint-Guillé*, lemos a seguinte frase que non figura no texto francés do que se traducía:

He aí o fillo do vello Julián, a quen el expulsó do seu reino con ira e inxustas acusacións. Non quixera eu tal cousa de ningunha maneira por todo o ouro de Galicia.

Tamén a saga norueguesa *Af Agulando Konungi* (Saga do rei Aigolando), do ciclo de Carlomagno, di:

Cando liberou toda España e puxo todo en orde, o excelente emperador Carlomagno foise de España [no capítulo anterior encontrábase en Galicia] co seu exército, levando a Francia moito ouro e prata.

Sobre esta segunda onda dinos o *Chronicon Iriense*:

Eo tempore C naves Normanorum in Gallaeciam venerunt, et post triennium ad propria sunt reversae.

Engade Almazán, seguindo a López Ferreiro¹², e a Enrique Chao Espina, este na súa obra *Los normandos en Galicia* que "cual huracán" se botaron pola ría de Arousa e pillaron canto quixeron en Iria Flavia, que era entón

sede do bispo. Ante as noticias desta avalancha viquinga todo o clero de Iria Flavia fuxiu para buscar protección na amurallada Compostela. Os viquingos, unha vez conseguido un gran botín en Iria Flavia, presentáronse ás portas de Santiago, sitiándoa. Os sitiados non tiveron máis remedio que pagarlles ós viquingos un tributo para librarse do saqueo. Sen embargo, e a pesar do tributo, quixeron os viquingos penetrar na cidade, cando apareceu o Conde Pedro, do que nos fala o Albeldense, matando a moitos e levantando o sitio da cidade.

Debido á vulnerabilidade de Iria Flavia ante as invasións viquingas, decidiu o cabido trasladar a sede episcopal a Santiago, onde se sentiría máis seguro. O rei Ordoño mandou, despois, unha legación ó Papa Nicolás I, quen consentiu o traslado, aínda que con certas condicións.

A terceira onda de invasións viquingas a Galicia tivo lugar nos primeiros anos do reinado de Ramiro III (966-985) e resultou ser a de maior trascendencia.

Sobre o ano 966 zarparon de Normandía numerosas naves viquingas, que xa obtiveran un gran número de vitorias e se consideraban como invencibles. Os seus primeiros ataques foron contra ás costas musulmanas de Portugal, en Alcacer do Sal, e logo en Lisboa, pero en ambos os lugares sufriron grandes perdas, xa que os árabes estaban ben preparados para contratacar ós viquingos.

1.2. NA RÍA DE AROUSA

En marzo de 968 aparece unha flota de cen naves fronte á ría de

Arousa, ó mando do xefe Gunderedo.

Naquela época o bispado compostelán estaba baixo o goberno de Sisnando, "hombre más para soldado que para obispo" e personaxe moi discutido, pero que como militar fixo canto puido para defende Galicia contra os ataques cada vez máis fortes e audaces dos viquingos.

As crónicas coinciden no lugar Juncariae (Xunqueira), topónimo non infrequente en Galicia. Os viquingos chegaron ata o fondo da ría de Arousa, desembarcaron na banda dereita, en Bacariza, e de alí dirixíronse a Iria Flavia. Sisnando, ó recibir a nova deste ataque, estaba en Santiago de Compostela presidindo os oficios da Cuaresma: saíu precipitadamente para facerlles fronte ás tropas invasoras. Mentres tanto, os viquingos xa se estenderan por varios lugares da comarca, matando, degolando, incendiando e sementando o pánico. O chegar Sisnando co seu exército, os


viquingos retrocederon cara a un lugar chamado antigamente Fornelos, situado á beira do río Louro. Alí, sen embargo, os viquingos recuperaron a súa forza e iniciativa, e o 29 de marzo do 986 mataron o bispo dun frechazo, orixinándose o caos ente as tropas galegas. Unha vez obtida esta victoria, os viquingos puideron correr impunemente ás súas anchas por toda Galicia. Despois da batalla de Fornelos é cando o período viquingo

acada o seu apoxeo en Galicia e cando esta invasión estivo a punto de facer de Galicia unha Normandía hispánica.

Hai unha cuarta e última onda de invasións viquingas a Galicia entre os anos 1008 e 1038. É razoable pensar que houbo outras incursións sobre as que desgraciadamente non dispoñemos de ningunha evidencia escrita.


Como nas incursións precedentes atoparon os viquingos unha resistencia cada vez máis forte e mellor organizada, os xefes nórdicos quixeron esta vez atacar por outro punto da costa galega, esperando encontrar alí lugares máis vulnerables.

Así como a primeira invasión parece que se concentrou unicamente na costa norte, e a segunda e a terceira nas Rías Baixas, particularmente na de Arousa, a última diríxese con maior ímpeto cara ó sudoeste de Galicia e o norte de Portugal, tendo como centro a ampla ría formada pola embocadura do Miño. A partir deste momento o relato das invasións viquingas a Galicia escurécese e todo fai pensar que os insaciabes invasores nórdicos renunciaron ás incursións piratas, entrando xa na historia e na lenda.



CAPÍTULO III

1. PEREGRINOS ESCANDINAVOS A COMPOSTELA



13. *Le renouveau de la religion populaire*. Paris. 1981.

Santa Bríxida cos seus atributos de peregrina, tal como aparece no *Chronicorum liber* de Hartmann Schedel (Nuremberg, 1493).



NO xa citado libro de Almazán recóllese unha frase do escritor galo Jean Vinatier sobre as peregrinacións¹³, quen sinala que “les pèlerinages sont probablement aussi vieux que l’histoire religieuse de l’humanité”. Antes das peregrinacións a Compostela, os pobos escandinavos, xa cristáns, estableceron varios centros de peregrinacións, tales como, por exemplo, Nidaros (Trondheim), onde na igrexa de San Clemente se veneraba o corpo do primeiro santo noruegués, San Olaf (995-1030). Estas peregrinacións a Nidaros están documentadas desde pouco despois de 1030. Así o recolle Vicente Almazán, quen sinala tamén que en Suecia son numerosos os centros de peregrinacións citados nos documentos medievais: Eskilstuna, Varnhem, etc., pero sobre todo, máis tarde, a peregrinación a Vadstena, a cidade de Santa Bríxida, pasou a ser a de máis fama de toda Escandinavia.


En Dinamarca os peregrinos acudían a Odense para visitar a sepultura de San Canuto ou a Aarhus, á de San Nicolás. En Islandia menciónanse as catedrais de Skálholt e Hólar, onde estaban enterrados os heroes nacionais.

Ó mesmo tempo, os peregrinos escandinavos diríxense ós santuarios, cidades ou sepulcros situados por toda Europa. Por unha carta da raíña Margarita de Dinamarca, escrita en 1411, na que se promete axuda económica ós peregrinos por unha suma total de 2.000 marcos de Lübeck, sabemos que se coñecían nada menos que 44 centros diferentes de peregrinación, a maioría deles fóra dos países escandinavos. Esta carta pode considerarse como unha lista detallada dos lugares ós que acudían con máis frecuencia os peregrinos escandinavos nos comezos do século XV: Roma, Aquisgrán, San Dionisio, Santo Tomás de Canterbury, os Reis Magos de Colonia, Santo Teobaldo de Alsacia, Santa Bríxida en Vadstena, San Olaf, etc. A cidade de Santiago de Compostela ocupa, desde logo, un lugar preeminente neste elenco; prométenselle tres marcos de Lübeck ó peregrino que se dirixa a terras galegas.

Os famosos bordados de Bayeux ilustran naves utilizadas na conquista de Inglaterra polos normandos, semellantes ás que efectuaron numerosas incursións nas costas galegas.



Arredor dos primeiros escandinavos que chegan ó "país de Santiago", estes, segundo non só os autores citados senón tamén o propio Antonio López Ferreiro, na súa monumental *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, pertencían ó grupo de cruzados que conbinan a súa condición de cruzado-peregrino con algúns costumes dos seus antepasados viquingos, non vacilando en roubar e saquear cando se cren obrigados a iso. Respecto ós primeiros viaxeiros a Galicia dos que temos nova, utilizan as terras galegas como punto de escala, continuando logo para Terra Santa. Estes cruzados desembarcan, xeralmente, na Coruña; desde alí diríxense a venerar o corpo do Apóstolo Santiago e permanecen en solo galego varias semanas ou meses, antes de continuar cara ás afastadas terras de Oriente. Noruega é, xunto coas súas colonias de Islandia, as illas Feroé e as Orcadas, a máis activa nesta primeira fase, seguida de Dinamarca. Os suecos diríxense a



Terra Santa a través do Leste de Europa, e ata o século XIII non manifestan un gran interese por Galicia. Como eran desprazamentos longos os escandinavos construían buques especiais par resistir moitos días de navegación.

No relato que fai Almazán en *Gallaecia Scandinávica* sinálase que a viaxe comezaba sempre durante o outono, para poder pasar o inverno en Galicia. Utilizaban pequenas embarcacións e seguían case sempre as mesmas costas, que xa lles eran ben coñecidas de épocas anteriores. No Arquivo de Estado (Rigsarkiv) de Copenhague atópase un códice de gran importancia para a historia de Dinamarca. Nel existen uns escolios a un texto de Adán de Bremen do século XI, de interese popular, xa que describe a ruta marítima que os peregrinos seguían desde Dinamarca a Galicia, continuando logo ata Terra Santa. Segundo este escolio o itinerario era desde o porto de Ribe ata A Coruña.

A ruta, chamada *vestvegr* ("camiño do oeste"), ía de Escandinavia a Galicia, continuaba bordeando a costa portuguesa, dobrando polo cabo de San Vicente, e dirixíase a Italia para finalizar en Palestina.

O peregrino precisaba, naturalmente, diñeiro para emprender a viaxe. As moedas de ouro e prata non circulaban libremente nos países escandinavos, e as confrarías e asociacións piadosas non se formaran aínda. A única maneira de conseguir algún diñeiro era acudir a un mosteiro. Consérvanse algunhas hipotecas para este fin dos membros do clero, o que demostra ata que punto eran considerables os gastos para unha peregrinación.

1.1. PRIMEIRO PEREGRINO ESCANDINAVO CRISTIÁN

Hai que destacar que precisamente o primeiro peregrino escandinavo cristián en Galicia foi o rei noruegués Sigurd, chamado *o peregrino a Xerusalén*, que viaxou no outono do ano 1108. A súa viaxe é de gran interese por se tratar do primeiro peregrino coñecido e polo feito de ser el un rei. Ademais, o historiador atópase diante dun feito sobre o que dispón de numerosas fontes. A máis importante é a saga sobre este rei, escrita sobre 1230, que fai parte da monumental obra *Heimskringla* de Snorri Sturluson.



Oslo, Universidade,
Oldsaksamling.
Santiago procedente da igrexa
Eggedal

Véxamos cómo o conta o escritor islandés:

“Despois da caída do rei Magnús o Descalzo, o reino de Noruega pasou a mans dos seus fillos Eystein, Sigurd e Olaf; Eystein recibiu o norte do país e Sigurd o sur. O rei Olaf non tiña daquela máis que catro ou cinco anos. A terceira parte do reino que lle pertencía era administrada polos outros dous. Sigurd foi nomeado rei á idade de trece ou catorce anos; Eystein era un ano máis vello.

Cando os fillos de Magnús foron elixidos reis os homes que se foran do país con Skopti Ogmundsson regresaron de Xerusalén e algúns de Constantinopla. Conseguiron unha gran fama e tiñan moito que contar. A causa das súas novas moitos noruegueses quixeron emprender semellante viaxe. Díciase que podían conseguir un botín inmenso en Constantinopla se se comprometían como mercenarios.

Había quen quería que un dos dous reis, Eystein ou Sigurd fosen ó mando dun grupo que desexaba esa viaxe Os reis accederon a ese rogo e comezaron os preparativos, financiados por ambos. Moitos caciques e facendados, así como tamén labregos, decidiron unirse á expedición. Cando todo estivo listo para a partida chegouse a un acordo: Sigurd iría á cabeza da expedición e Eystein quedaría reino gobernándoo en nome dos dous.

* * *

Catro anos despois da caída do rei Magnús, o rei Sigurd partiu de Noruega co seu exército. Baixo a seu mando ían sesenta barcos. Así o di o Zorarín o Capa Corta.

Alí estaba o glorioso pobo do sabio rei .

flotaban os esveltos barcos

Eran sesenta de certo

Así o quería Deus

* * *

Era outono cando o rei Sigurd zarpó rumbo a Inglaterra. Alí agardaba o rei Enrique, fillo de Guillermo o Bastardo. Alí pasou o rei Sigurd o inverno.

* * *

Na primavera seguinte partiu o reu Sigurd coa súa flota rumbo a Francia e en outono chegou a Galicia. Alí pasou o seu segundo inverno.

Dío Einar Skulisson:

É o noso rei,

*Que conseguiu o mellor reino baixo o sol,
Permaneceu o inverno seguinte no país do
Santiago*

Con sabios pensamentos na súa mente.

Impuxo o valor do rei.

Á versatilidade do conde.

¡Ti, aguia do exército, señor alerta,

Deleitácheste coa presa!

Debido a isto o conde que gobernaba o país [Galicia] fixo a paz co reu Sigurd, e o conde instalou un mercado para que o rei Sigurd puidera abastecerse alí durante o inverno. Isto, sen embargo, non durou máis que ata o Nadal. Despois empeoraron as cousas porque a terra non daba de si, o país era pobre e había carestía. Entón o rei Sigurd, cun grupo numeroso de homes, dirixiuse ó castelo do conde. Este escapou porque non dispuña de moitos soldados. O rey Sigurd apoderouse de todas as provisións que puido e doutros bens e mandou levar todo ós seus barcos. Despois preparouse para saír, continuando a súa viaxe ó longo da costa de España. Cando o rei Sigurd navegaba pola costa española atopou unha flota de galeras de viquingos, cun important botín, O rei Sigurd presentoulles batalla, iniciando así a súa primeira loita contra pagáns, ós que lles arrebatou oito galeras.

* * *

Despois continuou o rei Sigurd co seu exército rumbo a Lisboa, que é unha poderosa cidade de España, onde a metade dos seus habitantes son cristiáns e a outra metade pagáns". (Almazán en "Gallaecia Scandinávica").

1.2 . SEGUNDA EXPEDICIÓN A GALICIA

Outra expedición coñecida de Escandinavia a Galicia tivo lugar no ano 1151. Era a segunda e, en xeral, concide coa do rei Sigurd. As illas Orcadas eran as colonias norueguesas máis activas, onde se construían numerosos barcos e se encontraban os mellores pilotos. Foron durante longo tempo un refuxio que acollía exiliados ou prófugos de Noruega. Orcadas gozaba de certa autonomía e os seus habitantes vanagloriábanse de ser intrépidos aventureiros. Desde os seis portos navegaron varias expedicións ós Santos Lugares, e aquí atoparonse peregrinos escandinavos de varios países para dirixirse en grupo ós lugares de peregrinación. Seguramente foron guerrilleiros destas illas os que axudaron en Galicia a un grupo galego na contenda entre partidarios de Dona Urraca e os de Alfonso VI. A *Historia Compostellana* menciona a chegada a Galicia de piratas nórdicos en 1111.

Prosegue o seu relato Almazán afirmando que existen varios testemuños documentais de expedicións das Orcadas, como por exemplo as que recollen a *Historia Compostellana* e o *Chronicon Iriense*. As sagas non relatan máis que tres: a do conde Hákon Pálsson (1118-1120), a do príncipe Sigurd (1130-1135) e a do conde Rögnvald o Santo (1152). As dúas primeiras non fan mención de Galicia, pero a do conde Rögnvald dedica dous capítulos enteiros á descrición das aventuras que aconteceron no solo galego. A dita saga deste conde que era

un home de talla mediana, garrido e fermoso como o que máis.

Coñecía a poesía francesa e a latina. Chamouse primeiro Kali, pero cando en 1129 o rei Sigurs lle deu o mando das Orcadas e o título de conde, cambiou o seu nome polo de Rögnvald III, moi popular nas illas. Foi canonizado por Celestino III. Unha vez que tivo consolidado o seu poder nas Orcadas fixo unha viaxe a Bergen onde coñeceu a Eindridi o Xove, que estivera en oriente, e animouno a facer unha peregrinación a Xerusalén, Rögnvald regresa ás Orcadas e comeza os preparativos para a expedición, á que se xuntou o seu xenro Sigmund o Anzol. No outono de 1152 os quince barcos, ademais doutras barcas, botáronse ó mar coa intención de seguir o mesmo itinerario que o do rei Sigurd. Os feitos acontecidos en Galicia son bastante semellantes ós da saga deste último, ata o punto de facer pensar nun calco dunha sobre a outra, Suponse que a primeira influíu na composición da segunda. Os testemuños doutras sagas fan pensar que, ó seguir o mesmo percorrido, non é de estrañar que ambos pasasen polas mesmas peripecias.



Oslo, Universidade,
Oldsaksamling.
Santiago, retablo procedente da
igreja de Onsoy.

1.3. EN RUTA ÁS CRUZADAS

Na terceira Cruzada (1187-1200) houbo varias expedicións procedentes do norte de Europa. Son os daneses esta vez os que aparecerán en Galicia. Estes pasan por Galicia en flotas navais, unidos a grupos de frisóns, brementes e doutros portos alemáns.

Os daneses ían en sesenta navíos e tras unha escala nas costas inglesas, o 25 de maio chagaron á Coruña, dirixíndose despois a Compostela.

Sobre a cruzada dano-bremense de 1197 as crónicas non din nada de Galicia, pero é de supoñer que pasaron por algún porto galego, xa que seguiron o mesmo itinerario que os cruzados de 1187.

Por outra banda, dos grupos que saíron de Noruega e Dinamarca no século XIII cabe pensar que farían igualmente escala en Galicia, xa que, aínda que non se mencione nas fontes escritas ningún porto galego, dise varias veces que seguiron o mesmo camiño que o reu Sigurd e conde Rögnvald o Santo.

No ano 1217 foi organizada en Noruega outra cruzada uníndose a ela renanos e frisóns. Conta con cronistas, testemuñas oculares dos acontecementos, incluídos nos *Monumenta Germaniae Histórica. Scriptorum*. \$\$\$Fonte citada por Vicente Almazán. \$\$\$ O abade Emo (1176-1237) da abadía premostratense de Bloemhof escribiu unha crónica, moi importante para a historia frisona, sobre os abades dese mosteiro desde 1204 ata 1234. Relata así o paso desa expedición por Galicia, o 17 de xuño de 1217:

*Ventis itaque prosperis sed nimis lenibus
usi, sexta feria proxima Phare [A Coruña] per-
venimos, quos est oppidum Galiciae dives
admodum, portum habens flexuosum, turre
sublimi presignata a Iulio Cesare constructa.
Navibus itaque in tuta dispositis, sequenti die
versus Compostellam iter arreptum, per diem
et noctem continue laborantes, vix confecimus,*

Unde post oblata Deo et beato apostolo sacrificia reversi, per novem dies ventis oppositis Phare sumus detenti.

A traducción deste texto latino é a seguinte:

“Gozando, pois, de ventos favorables, pero en extremo suaves, chegamos un venres ás proximidades do Faro (á Coruña), cidade de Galicia que é sobremaneira rica, que ten un porto sinuoso, coa xa sinalada alta torre construída por Xulio César. Dispostos os navíos en lugar seguro, ó día seguinte fixemos con dificultase un camiño acelerado, preocupados continuamente durante o día e a noite. Volvendo ó punto de partida despois de ofrecidos sacrificios a Deus e ó benaventurado Apóstolo, durante nove días somos retidos en Faro por ventos contrarios.”

Non resulta difícil comprender o asombro que debeu causar na Coruña a chegada de 350 barcos con cruzados alemáns, frisóns, flamengos e noruegueses. Impacientes, moitos quixeron zarpar antes de que se calmasen os ventos, e moitos naufragaron en diferentes puntos da costa galega. Un tercio pereceu cando a flota se volveu reunir en Lisboa o 15 de xullo.

1.4. PEREGRINOS ISLANDESES

Unha serie de peregrinacións procedentes de Islandia, individuais e colectivas, acoden a Santiago. Deste xeito relátase en *Gallaecia Scandinávica*:

“En 1213 tivo lugar a peregrinación do médico islandés Hrafn Sveinbjarnarson. Coñecemos a vida deste médico a través dunha saga escrita por un sacerdote arredor do 1928 e editada por primeira vez en 1858. Esta saga presenta un grande interese, xa que o excritor coñece moi de preto a vida do heroe e ilustra con profusión de detalles a relixión, a moral e as condicións sociais do período no que viviu Hrafn. Estudiou medicina e sábese que non cobraba ningún honorario a aqueles pacientes que carecían de medios. Realizou varias peregrinacións. Primeiro fixo voto de ir visitar a tumba de Santo Tomás Becket, pouco despois foi a Noruega, pasou alí o inverno e ó chegar a primavera seguiu ata Inglaterra para cumprir o seu voto. Despois, en seguida pasou a Francia (San Gil) e de alí a Santiago de Compostela. Di así a saga:

Entón Hrafn dirixiuse rumbo ó oeste, ó país de Santiago. Como di Gudmund: “o guerreiro cumpriu coa súa peregrinación ó sepulcro de Santiago. Os mariñeiros tiveron que sufrir tormentas terribles por algún tempo”.

Non cómpre entrar aquí nas miudezas e na historia dos aspectos xurídicos e canónicos que estipulan as condición para que un bispo, sacerdote, etc. poida facer unha peregrinación, xa que todas estas regras, mandatos ou prohibicións proceden de decretos papais e non son especificamente escandinavos. L. Vázquez de Parga, Lacarra e Uría xa describiron o aspecto xurídico das peregrinacións. A *communitatio voti*, é dicir, a autorización dada a un peregrino para que cambie un voto por outro, ou ben por unha suma de diñeiro para un fin piadoso, ou, por exemplo, polo exercicio dunha práctica

relixiosa, aparece frecuentemente nas fontes escandinavas.

O primeiro caso coñecido desta *communitio voti*, en relación con Santiago de Compostela, data do 27 de Febreiro de 1224, cando o bispo Peder de Roskilde dá unha autorización para que se cambie un voto de ir en peregrinación a Compostela polo de ir a Terra Santa.

1.5. NO SÉCULO XIV

Estamos no século XIV e o relato segue coa narración de diversas viaxes, todas por mar e con toda seguridade á Coruña. Este é o caso dos alemáns:

“Por aquelas datas parten da cidade alemana de Lübeck moitas peregrinacións a Compostela. Jacobo a Melle fala das persoa que, *magno número*, foron a Compostela entre 1358 e 1483. Coñecemos por outras fontes a gran frecuencia con que moitos escandinavos se xuntaban en Lübeck, en grupos de ata 500, para se embarcar nas naves hanseáticas. Sería tamén de interese estudar ata que punto foi importante o continxente escandinavo que acudía a Bremen polas mesmas razóns.

En canto ás peregrinacións islandesas, estas foron relativamente numerosas desde a conversión da illa ó cristianismo. O coñecemento do latín estaba bastante estendido entre a xente culta, cousa que facilitaba grandemente as visitas ó continente. O clero islandés gozaba de xusta sona de boa instrucción e

saber, e “eran moito máis cultos cós noruegos”. Preto do lago Constanza, na illa de Reichenau, fundouse un mosteiro no século XIII. Alí recibíanse a miúdo peregrinos. Durante os séculos IX, X e XI adoitábase inscribir a aqueles ós que se lles daba hospedaxe. Este libro consérvase aínda e contén os nomes de trinta e nove peregrinos islandeses. A maior parte dos islandeses ía primeiro a algún lugar do norte de Europa, polo xeral Noruega, e de alí a Roma ou a Santiago de Compostela.

En 1354 Olaf Bjarnarson dirixíase a Compostela con Gudmund Snorrason. Desgraciadamente a nave naufragou e ambos os peregrinos pereceron.

O primeiro peregrino islandés coñecido do século XV é Björn Einarsson. A primeira viaxe, en 1379, fíxoa a Roma na compañía do bispo de Skálholt.

No século XVI a primeira mención de Compostela atópase nun do documento do 11 de xaneiro de 1501 polo que o alcalde de Estocolmo ordena que se lle preste axuda ó armador Diderik Pasche, que vai levar a uns peregrinos por mar a Galicia e regresar logo a Estocolmo.

En 1511 autoírzaselles a tres comerciantes de Nyköping a expedir polo porto de Hamburgo carne, manteiga e outras mercadorías, e alí transbordar a carga a un barco que vaia a Islandia e ó País de Santiago, coidando ben de que tal mercadorí non fose parar a mans dos inimigos da Súa Maxestade. É bastante elocuente que na linguaxe mercantil se siga coñecendo aínda no século XVI, a Galicia por “País de Santiago”.



“Schelling” de Hamburgo atopado na Catedral de Santiago.

O mariscal danés Johan Rantzau fixo, en 1516, unha peregrinación a Compostela, e de alí seguiu logo a Terra Santa, de onde tivo que saír cando os turcos se apoderaron de Xerusalén en 1517.

O rei Cristián II de Dinamarca, que reinou de 1513 a 1523, nunha ocasión de perigo en alta mar, fixo o voto de "mandar un barco de peregrinos a Compostela". Sen embargo, este barco foi interceptado por corsarios ingleses. Máis tarde, o rei formulou unha protesta ante o goberno inglés.

A cita da cidade de Ribe, por ser punto de partida de peregrinacións, é obrigada en canto ós seus contactos marítimos co porto coruñés.

Ribe, situada no sudoeste da península de Jutlandia, era xa un gran centro comercial e de navegación hai máis de mil anos. Este porto era un dos máis florecentes do Mar do Norte e a través de numerosos barcos mantiñan activo contacto cos portos de Inglaterra, Flandres e Alemaña. No século XIII o porto posuía unha grande actividade. Neste século Ribe era punto de partida para os barcos que ían para máis alá do Mar do Norte, ata Terra Santa, e describese que de Ribe ata A Coruña a travesía duraba oito días e sete noites.

1.6. DE REINOS E SEÑORÍOS DE INGLATERRA

Os coruñeses, cansados e resentidos contra os ingleses, que amolaban de continuo (e

seguirían a facelo en séculos posteriores) á cidade e ós seus moradores, retiñan no século XV a algunhas das naves que con peregrinos cara a Santiago, da Cidade Vella coruñesa, a diversos estamentos da cidade, tanto civís como militares e relixiosos *"juntados por tanga-mento de campana según que han de costume dentro ena dita iglesia de Santiago da dita uilla"*. É dicir, eran convocados os veciños *"a campá tañida"*, como se viña facendo desde datas inmemoriais nesta igrexa tanto para abordar temas do concello da cidade cando se trataban outros de interese xeral, cono é o caso que comentabamos máis arriba.

Na catedral de Santiago, o bispo da cal tiña no porto da Coruña dereitos de ancoraxe, figura un interesante documento sobre estes feitos da retención de navíos ingleses polos veciños coruñeses, con data do 31 de maio de 1440, recollido por López Ferreiro na súa historia da catedral compostelá. Por consideralo de grande interese para o tema que nos ocupa, reproducímolo. Di así:

"Requerimiento hecho por e Canónigo de Santiago Fernán Rodríguez de Betanzos á los vecinos de La Coruña, para que soltasen una nave inglesa que habían apresado.

Saban todos que ena eglesia da santiago da uilla da cruña en presença de min afondo de ualay notario publico por noso señor el Rey ena dita uilla er enos feitos da concello dela er testigos soescriptos, estando ende presentes gomes peres das mariñas, Juan de Coiro, uaasco de Ponte, afondo de Piñeiro jurados er rregidores da dita uilla por lo dito señor Rey e fernan sanches de ualladolid er gonçalo da costa alcalles da dita uilla er felipe afondo er fernan

monteiro procuradores do concello da dita uilla con oliuer marçal afondo fenandes de morelos, aras fernandes gatiño. juan sanches de ualladolid, jurgo marruso. Johan rrodrigues de sta. aya. Juan uaasques de neda, gonçalo longo, juan fernandez martins, lopo uaqueiro, diego de ponte, garcia deferuenças, pero uaasques de ponte, martin garcia, juan garcia galina, martin sanches fisico, pero mertis barbeio, lourenço d'eirís, er outros moytos mercatores uisinos et morsdores da dita uilla et presentes con eles pero da gresta et fernan rrodrigues Retores das iglesias de sta. maria do campo et de sant jurgo da pescaría da dita uilla seendo todos en concello juntados por tangemento de campana segun que han de costume dentro ena dita eglesia de santiago da dita uilla. Paresceo ende presente fernan Rodrigues de betanços bachiller en decretos Canonigo ena eglesia de santiago por parte et mandado do moy rreuerendo jn xpisto padre e señor don lopo de mendoça arçibispo da santa iglesia de santiago et dos señores et cabildo et canonigos da dita iglesia et se querelou disendo en como eles ben sabían er así era uerdade que alguos nauios et naos et barchas en que uijñan moytos rromeus e pelegriis dos Regnos et señoríos de Inglaterra et de otras partes en peligrinajee et Romaria a uisitar o Santo apostolo santiago que foran alguas uestes rrastados ertenbargados eno porto do mar desta dita uilla as taes naos barchas et nauios et certos seus bees et bitallas et mantençaas et coudas que en ellas tragían por parte de alguus uestinos et moradores desta dita uilla et de outros portos por Rason de rrepresarias et outras rrasoes que alegauan por lo qual sido o dito fernan rrodrigues bachiller et canonigo sobre dito que pois eran Romeus et pelegriis que agora uiiñen ou uiesem daquí endeante que lles pedia et rrequeria da parte do dito señor arçobispo et cabildo canonigos et personas da dita santa iglesia de san-

tiago que lle desenbargasen et mandasen logo desenbargar a barcha catalina de que he maestre Richarte Armissa con certas cousas et bitallas et certas coronas de ouro et outras cousas que lles auian tomado que en ella tragían, et que desde aquí endeante nos se quisieren jntrometer nen jntrometesen de Rastar enbargar as personas deles nen tomar nen embargar nen Rastar otros nauios naos et barchas quasquer que así uiesen en rromaria er pelegrinajee a uisitar o dito sancto apostolo nen cousas alguas que en ellas trouxesen asi por mar como por terra porque libre et desembargadamente podesen uiir yr tornar a suas casas et terras quando quisesen con todo lo seu en lo qual asi facer diso que farian ben et dereito et seruiço de deus et do dito sancto apostolo patron luz despaña asi mismo a noso señor el Rej gran prol et onrra se dita sancta iglesia de Santiago et prol et honrra da dita uilla da cruña et moradores dela por quanto os ditos Romeus eran et son et deuen seer seguros segundo dereito et leys deste Regno et priuilegios otorgados por lo dicto señor Rej et costiuuções dos sanctos padres et da dita santa iglesia de santiago en outra maneira fassenado en contrario diso que eles et qualquer deles et todas outras personas que o contrario delo fezesen ou desen fauor et ajuda en contrario que por ese mesmo feito encorresen et caesen enas penas dos dereitos et constituyções susoditas et demais que fosen obligados pro sy et por seus bees a todo mal custas perdas daños jntereses que sobre ello rrecrescesen agora et desde aqui endeante a os sobreditos Romeus et peligris et a o dito señor arcebispo et cabildo et personas et eglezia de santiago.

Et logo os sobreditos jurados et alcalldes procuradores et omes boos que presentes eran auido en rrason do sobredito de libração et acordo diseron que segundo os dereitos escriptos et por cartas et

privilegios do dito Señor Rej sobresto dadas et constituyções dos sanctos padres et da dita eglesia de Santiago se mostrauan manifestamente que todos los rromeus et peligrriis que así uieron ou uiesen desde aqui endeante en rromaria et peligrinajee a o dito sancto apostolo cos seus dineiros ouro prata bitallas et outras quaesquer cousas que asi trouxessen et ouuessen de trager uiindo a á dita Romaria que eran et deuian seer seguros et non Rastados nen embargados por ocasion de Represarias alguas nen penoras outras que o dito señor Rej mandjou ou mandase faser desde aqui endeante enas taes personas et Romeus nen en seus bees et coudas, por lo qual disseron que eles por rreuerencia et seruiço do dito sto. apostolo et porque seja gardado sobre ello o que he justicia et dereito que mandauan et mandaron logo desembargar a dita barcha et mercadorias et todas suas cousas que de dentro dela uiinan e tragian et eso mesmo mandaron logo entregar a o dito mestre certas coroas que deles ouuera et Recebera o dito gonçalo d'a costa, alcallde et afonso pedreiro ntrio. (notariio?) desta dita uilla asi de rrepresarias como de outro qualquer embargo que lles fose et ouuesen feito. Et disseron ordenaron mandauan et mandaron logo que este dito seguro segundo de suso he dito et declarado que fose gardado agora et desde aquí adeante para sempre a todas los ditos Romeus et peligrriis que uieren ou uiesen de aqui endeante et seus nauios et naos en que asi uiesen en Romeria con todos los dineiros ouro prata et outros cuasquer cousas que así consigo trouxessen et leuassen desta terra enos ditos seus nauios o en otros quaesquer en que eles tornasen para suas terras et casas. Et disseron et mandaron que este dito seguro et personas et cousas susoditas en que os asi segurauan et seguraron en uiinda estada et tornada se entendese et entenda depsois que os ditos seus nauios en que asi os ditos Romeus et eles uiiren et

entraren desd'a ynsoa dos coruos adentro en todo o porto et abra desta dita uilla et dentro da dita uilla et pescaria et termino et jurdiçon dela. Et ordenaron et quiseron et mandaron mais que ninguo alcallde nen outra justicia da dita uilla asi os que agora son ou foren desde aqui endeante que non seja ousado nen ousados nen ajan poder alguo de penorar nen exsecutar en Romeria a uisitar o dito, apostolo nen en seus nauios et naos et cousas que asi trouxeren ou leuaren por mar ou por terra sen primeiramente seeren juntados todas los jurados alcalldes et procuradores da dita uilla quea a sason estoueren en ella et aacordaren o que cerca delo se con dereito et justicia deua faser.

Et porque esto seja certo mandaron o ditos jurados alcalldes procuradores omes boos a min o dito notario que fesese sobre ello hun publico jnstormento, dous ou tres ou mais se cumpliren asi en latin como en Romance ena mellor forma que pode se et deuese faser. esto fui et pasou et fui otorgado et consentido por los sobreditos seendo eno dito concello asi juntados como dito he dentro da dita iglesia de santiago da dita uilla da cruña con lo dito fernan rrodrigues bachiller et canonigo sobredito estando ende presente et otorgante por parte do dito señor arcibispo et canonigos et cabildo da dita santa iglesia de santiago o postremeiro dia de mayo ano do nacemento de noso señor ihu xpisto de mill et quatro centos et quarenta anos, testemoyas que eran presentes o bachiller juan Fernandez clerigo de san pedro de uisma, afonso de lapido clerigo de sant uicenço d'elunia. martin fernandes. fernan cao clérigos. juan rrodrigues de sts. aya. oliuer marçal. diego de ponte mernadores uisinos da dita uilla da cruña et outros.

Eu afondo de balay notario publico sobredito a esto que dito he cos ditos testigos presente fuy et fiz

escripui esta dita escriptura et instramento et puge aqui meu nome et dignal en tstimonio de uerdade. –Afonso de balay.

Et eu johan fernandes da cruña clerigo com-postelane diocesis bachiller en decretos. notario publico por la auctoridade apostolica a todo o sobre-dito con os ditos testigos et con o dito afonso de balay notario presente foy et este instramento fige escriuir et aqui meu digno et nomen consuetun puge Requerido et Rogado con o dito afondo de balay. –Johaannes bachalaureus, notarius apostolicus.”

Os peregrinos ingleses eran asiduos visitantes do porto coruñés e así apúntao Eusebio Goicoechea en *Rutas Jacobeas*. quen sinala que en 1397 chegaron á Coruña 80 peregrinos nunha nave. A información recóllea da Biblioteca da Academia da Historia nun traballo titulado “*Noticia de los peregrinos que vinieron a Santiago en romería desde Inglaterra*”.

No ano xubilar de 1428, arribaron ó porto coruñés 13 navíos con 1.136 peregrinos e no tamén Ano Santo de 1434, fixérono 2.990 peregrinos ingleses en 63 buques. Engade Goicoechea que o cronista inglés William Wey contou nun día 80 barcos no porto da Coruña, dos que 32 eran ingleses. “Es de supoñer –engade Goicoechea- que desembarcarían tamén peregrinos en los otros puertos: Noia, Muros, Padrón...”

Tamén son habituais visitantes os católicos irlandeses. nunha relación Irlanda-Galicia que se remonta á Idade de Bronce, e que recolle Elisabeth Frances Keating, no seu libro que leva predisamente por título *Afinidades cultu-*



Kilconnell Friary, Galway.
Baixorrelieve coa imaxe de
Santiago.

rais entre Galicia e Irlanda. No seu lido *El libro de Santiago*, Xosé Filgueira Valverde refírese á asidua visita dos ingleses ó porto coruñés.

1.7. REALIDADE E LENDA: MERLÍN


Da realidade á lenda -ou a historia literaria se prefiren- imos referirnos a unha personaxe que varios autores galegos recrearon (por exemplo, Álvaro Cunqueiro): Merlín. Así recolleo Carlos Alvar nunha *Historia de Merlín* na que se narra a viaxe por mar a Galicia para acedir a Compostela. O porto de desembarco era A Coruña e así di Alvar:

“Cuenta ahora la historia que en el momento en el que Merlín dejó el rey Fluallía, al que le había interpretado un sueño, éste quedó muy preocupado por lo que Merlín le había dicho y no tardó mucho en ocurrirle todo según había contado Merlín, pues vio a sus hijos en el templo de Diana y vio caer y hundirse en el templo, destruir su tierra, quedar arrasada, arder su palacio y él mismo fue apresado con su mujer, pero los que lo hicieron prisionero no los mataron, sino que les mostraron los puntos de la ley cristiana y les hicieron comprender tanto día tras día, que finalmente recibieron la unción del Santo Bautismo, fueron lavados y quedaron limpios de la suciedad del paganismo. Llamaron al rey con el mismo nombre y la llamaron Remisiana, aunque antes se llamaba Subina. Estuvieron mucho tiempo juntos, y tuvieron cuatro hijas que después

se casaron con cuatro príncipes cristianos que eran muy buenos y leales, y tuvieron muchos hijos, pues la mayor tuvo diez hijos que todos fueron caballeros, y siete hijas; la segunda tuvo catorce hijos y tres hijas; la tercera, doce hijas y seis hijos, y la cuarta, venticinco hijos y una hija, y se casaron todos y todos los varones fueron caballeros en vida de la Reina Remidiana y tuvieron grandes alegrías y grandes fiestas y dieron las gracia continuamente a Nuestro Señor.

Cuando el rey Flualís y los cuatro príncipes vieron que tenían cincuenta y cuatro nierts uno y sobrinos los demás, y que todos eran caballeros y primos hermanos, sintieron gran alegría y dijeron que Nuestro Señor los había enviado para realizar el cristianismo y fijeron que no dejarían de hacerlo hasta haber convertido a todo el paganismo en cristianos y haberlos convertidos a la ley de Dios.

Se reunieron y juntaron todas sus fuerzas y atacaron al paganismo por todas partes, tomaron ciudades y castillos y mataron a muchos paganos conquistando las tierras y los países lejanos. Pasaron a Compostela y nada podía resistir frente a ellos. El rey Flualís murió en España y los cuatro príncipes quedaron muy doloridos con sus sobrinos. Fue enterrado en una ciudad que entonces se llamaba Nadres y después regresaron a las tierras de Jerusalén, tomando posesión de ellas y se dividieron por distintos países, conquistándolos y alcanzando honor. Unos tomaron Constantinopla, otros, Grecia, en la que había cuatro reinos, otros tomaron



Barbaria y otros Chipre; otros regresaron al reino de Logres a servir al rey Arturo por la fama que de él corría por el mundo; con ellos acudieron tres caballeros que eran muy valientes y decididos con las armas, pero vivieron poco y fue una lástima para la Cristiandad, pues eran muy valientes y leales: dos de ellos murieron en una batalla que Lanzarote llevó a cabo contra el rey Claudás y el otro murió en otra batalla del rey Arturo contra Mordret, tal como la historia contará más adelante.

Pero ahora la historia deja de hablar de todos ellos -finaliza Alvar- y vuelve a hablar del rey Arturo”.

Anotemos tamén o costume dos católicos ingleses de lle traer presentes ó Apóstolo, especialmente esculturas e outros obxectos en alabastro. Algunhas destas mostras figuran non só na Catedral de Santiago, senón tamén no museo da de Mondoñedo e no museo de Pontevedra, moitas das cales se exhibiron na magna exposición de “Galicia no tempo”, como un retablo en alabastro e madeira policromada que ofrecendou en 1456 o párroco inglés de Chal, na illa de Wight, John Goodyear. Esta peza artesanal narra a vida de Santiago o Maior ata o traslado do seu corpo a Santiago.

1.8. PEREGRINOS INGLESES NOS SÉCULOS XIV E XV

O que durante moitos nos foi membro do Instituto Padre Sarmiento de Estudios

O barco de penitentes, gravado de Hans Burgkmair, amósanos un navío de tres mástiles cheo de peregrinos (*Navicula Penitentiae* de Johannes Keyzersberg, Augsbourg 1511).

Galegos, do Consello Superior de Incestigacións Ceintíficas (ASIC), Felipe Cordero Carrete, investigador e escritor, publicou en 1962, en "*Cuadernos de Estudios Gallegos*", un traballo sobre a chegada de peregrinos ingleses a Galicia, sempre a través do porto da Coruña, en dirección ó Sepulcro do Apóstolo. Titúlao "*Embarque de peregrinos ingleses a Compostela en los siglos XIV y XV*".

Di Cordero Carrete que "gracias á xentil e xenerosa atención de Mrs. Constance Storrs, boa amiga do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos e, en particular, do seu colaborador don Jesús Carro García e de quien estas notas escribe, chegaron ó meu poder fotocopias de documentos do "*Public Record Office*", de Londres, en posesión do Victoria and Albert Museum, referentes a permisos para embarque de peregrinos ó santuario de Santiago de Compostela". Engade Carrete que "catro conteñen permisos para embarque de peregrinos a Galicia e non -o único que pertence ó "Rexistro secreto"- é unha orde prohibíndolle ás autoridades de Londres e outros portos o embarque dos ditos peregrinos. Empezaremos polos catro similares, é dicir, de permisos, dándoos por secuencia de datas, deixando para o final o prihibitivo por ser o seu contido de maior interese histórico.

Extractei os catro primeiros, Ó último, traducino na súa totalidade.

Documento núm.C66/237, pergamiño 29, dorso , do Rexistro de Patentes — *Patent Roll*— núm. 42 (reproducido na páx. 134 da Parte I (1367-1370) do *Calendar of Patent Rolls*.



Londres, Victoria and Albert Museum. Colgante de acibeche coa imaxe de Santiago.

É unha licenzia estendida en Westminster en nome do Rei Eduardo III do día 15 de febreiro de 1368, autorizando a Walter Derby, de Bristol, para que cargue un barco da súa propiedade, recién construído, levando peregrinos ós lugares desde onde continuarán en peregrinación a Santiago de Compostela.

Conté o requirimento de que os peregrinos sexan de clase media, tanto pola súa posición económica como social, especificando como particularmente incursos nesta prohibición a clérigos, escolares, cabaleiros das ordes militares, señores facendados (*esquires*) e outros nobres.

Ten validez esta licenzia ata as festas de *Michaelmas*, ou sexa, as de San Miguel ou a Sanmiguelada.

Neste mesmo documento concédeselle igual permiso, coa mesma validez e idénticas condicións, a Simón Salerne, de Winchelsea, que tamén tiña a súa nave construída.

Recollido na páx. 226 da mesma Parte I (1367-1370) do *Calendar of Patent Roll* (Núm. 43 do rei Eduardo III), ó igual có anterior.

Este documento é do día 23 de marzo de 1369. Nel concédeselle ó mesmo beneficiario do anterior, ou sexa a Walter Derby, mercader de Bristol, permiso para embarcar no dito porto e outros veciños, con destino a "*la Groyne*" (A Coruña) en España, tantos peregrinos como poida levar, regresando con víveres e outras mercadorías. Advírteselle a prohibición de sacar de Inglaterra cabalos, ouro, prata, barcos, frechas, nin outras armas, nin

cousa ningunha prexudicial para o Rei e a súa coroa.

O barco recién contruído, propiedade de Walter Derby, ó que se refire este permiso chamabase *La Gracedieu of Bristol*.

Documento núm. C76/116, pergamiño 9 do Rex. de Patentes núm. 12 do rei Enrique VI (1434)

Contén unha lista cos nomes de barcos e patróns ó que se lles concede licencia para transportar peregrinos. Está expedido en Westminster (-*Westemonasterium* en nome do rei Enrique VI, con diversas datas do ano 1434.)

Catedral de Santiago. Capela das Reliquias.
Retablo de alabastro donado en 1456 polo peregrino inglés John Goodyear.

A licencia que encabeza a lista do 18 de maio está a nome de Roberto Porter, patrón da *Kateryn* (Catalina) (Vázquez de Parga, na páxi-



na 94 do tomo R do libro citado na nota anterior di "que aínda que na obra "Foedera", de Rymer, no aparece ningún permiso para levar peregrinos en el año 1440, sabemos que ne dicho año fue apresada por los coruñeses, como represalia, la barca "Catalina", que venía de Inglaterra con peregrinos". Nas licencias de que aqui damos noticias aparecen tres naves distintas con ese mesmo nome, diferenciadas polo aditamento aclaratorio de porto da súa matrícula ou procedencia. O permiso para un destes tres barcos chamados "Catalina" é de 1475 (documento núm.5/b), pero as outras dúas (documento núm. 3) son de 1434, ou sexa, de seis anos antes. É de supoñer que estas naves homónimas continuarían facendo a mesmo viaxe nos anos seguintes e é posible que fose unha delas a vítima do episodio citado polo distinguido historiador das peregrinacións e contén a parte dispositiva, a cal comprende ós dezanove restante. Son corenta os vasallos do rei que en dicha nave se autorizan a ir en peregrinación a Santiago e ó reiterar, no documento , a prohibición de revelar segredos que nalgún modo lesionen os intereses do Rei ou do Reino.

A continuación vén unha lista coas dezanove licencias seguintes:

A Johanni Lesard, patrón da nave *Kateryn of Dermouth* para transportar corenta peregrinos. Datada en Dogmersfeld o 4 de marzo de 1434.

A Johanni Rede, patrón da *Anthony of Dertmouth*, transportando corenta peregrinos. Datada coma a anterior.

A Petro July, patrón da *Trinitate of Falmouth* para conducir corenta peregrinos. Datada en Westminster o 16 de abril.

A Willelmo Wenard y Johanni Coille, propietarios da nave *Margarete of Topsham*, para levar cincuenta peregrinos. Datada en Westminster o 13 de maio.

A Willelmo Peltesmore, dono da *Mary of Bristol*. para trinta peregrinos, En Westminster o 12 de maio.

A Johanni Coteler, patrón da *Marye of Wight*, para vintecatro peregrinos. En Westminster, o 1 de xuño.

A Roberto Bonne, patrón da *Bernard of Pole*, para sesenta peregrinos. En Westminster o 28 de maio.

A Johannis Heddon, patrón de la *James of Deertmouth* para sesenta peregrinos. En Westminster o 20 de maio.

A Philipo Maowe, patrón da *Barry of Fowey*, para sesenta peregrinos. En Westminster o 16 de maio.

A Henrico Hawekyn ,patrón da *Marye of Bryxham*, para trinta peregrinos. En Westminster o 8 de xuño.

A Johanni Buk, patrón da *Gracedieu*, con vinte peregrinos, En Westminster o 12 de maio.

A Rudolfo Wythyall, patrón da *Marye of Fowey*, para corenta peregrinos. En Westminster o 12 de maio.

A Ricardo Kenne, patrón da *Trinitate of Chichestre*, para vintecatro peregrinos. En Westminster o 13 de maio.

A Thome Jandrell, patrón da *Varye of Landelp*, para sesenta peregrinos. En Dogmenfeld o 17 de maio.

A Thome Crede, patrón da *Marye of Bristoll*, para cincuenta peregrinos. En Dogmenfeld o 17 de maio.

A Rogeri Broker, patrón da *John of Portesmouth*, con corenta peregrinos. En Dogmenfeld o 18 de maio.

A Ricardo Trenode, de Bristol, propietario da *George os Bristoll*, baixo o mando de Johannes Lugg, para trinta peregrinos, En Westminster o 22 de xuño.

A Ricardo Pytte, patrón da *Margarete of Topsham*, que con Wilhelmo Wenard e Johannes Coyle son propietarios da dita nave, para cincuenta peregrinos, En Westminster o 2 de xullo.

A Rogero Ruffy, patrón da *Gabriel of Pensans*, do condado de Cornubiae, para vinte-seis peregrinos. En Westminster o 22 de abril.

Se sumamos cantos son os autorizados para ser transportados na viaxe dos vinte barcos consignados no anterior documento tan só, encontraremos proba fidedigna de que en catro meses do ano 144 foron levados de portos ingleses ós de Galicia 884 peregrinos desexosos de prostrarse ante a tumba do Apóstolo Santiago.

Eso sen ter en conta que en todos os tempos houbo sensibles diferencias entre a capacidade legalmente autorizada nos transportes marítimos e terrestres e a realidade do que, con elástica medida, neles foi costume amontoar.

Documento C76/156, pergamiño 2 do "Rexistro de Tratados" -

Teatry Roll-, núm, 12 do rei Eduardo IV (1474).

Dado en Westminster o día 17 de febreiro do dito ano de 1474, concédesele neste documento licencia a un grupo familiar e, excepcionalmente, nel non aparecen as acostumadas restriccións sobre transporte de cabalos, armas, metais e diñeiro, senón que, pola contra, se lle autoriza ó grupo de beneficiarios formado polo nobre peticionario Sir Thomas Ormond, Equire, e a tres persoas máis, para levar con eles a Santiago un cabalo para cada un e dez libras esterlinas por cabeza.

Debemos facer notar –engade Cordero Carrete- que nesta época xa pasara o apoxeo das peregrinacións e que, xeralmente, o tránsito de peregrinos ingleses estaba en mans de mercaderes e navieiros da costa sur, sueste e sudoeste de Inglaterra e do porto de Londres. Sen embargo, en ocasións, concedéronselles licencias directamente a nobres cabaleiros. Así, sábese que lle foron concedidas a Sir Philip de Courtenay en 1397, ó conde de Oxford en 1445 e ó conde de Wiltshire en 1456, máis parece que o foron para empresas comerciais, pois con elas non aparece a frase "*in comitiva sua*", como así sucede na de Sir Thomas Ormond, Esq., que aquí damos á publicidade.

Lembremos que o requirimento de permiso especial para levar cabalos estableceuse desde a Guerra dos Cen Anos e que a tallante prohibición de levar máis diñeiro ou metal que o estrictamente indispensable estaba en vigor desde 1343. No século XV ós peregrinos esixíasilles prestar xuramento ante algún personaxe ou autoridade local de que non levaban cantidades ilícitas de diñeiro e que non farían

traizón ós secretos da coroa nin cousa ningunha prexudicial para os intereses do Reino, sinalándose con frecuencia nos permisos o nome da persoa perante quen se debía prestar o requirido xuramento. Ningunha destas prescricións aparecen no documento anterior.

Documento núm.C76/157, pergamiño 28, do Rexistro de Tratados" núm. 13 do rei Eduardo IV (1475).

Este documento, estendido en nome do rei Eduardo IV, contén dúas licencias, dadas ambas en Westminster, unha coa data do 14 e a outra do 28 de abril de 1475.

É a primeira a favor de Simonis Bronii (Simone Bronum, ou Brown), de Cley, no condado de Norfolk, propietario da nave "*Trinitate of Clay*", para que, ben persoalmente ou por axentes subordinados seus, poidan levar setenta peregrinos a Santiago de Galicia, tomándoos no porto de Clay. Sinala que o requirido xuramento de non revelar segredos da coroa nin realizar ningunha cousa prexudicial para o Reino se fixese ante o Dominico Wilhelmum Brygwell, Prior do Mosteiro de Bynham, no mencionado condado. Así mesmo lembra a prohibición de levar ouro ou prata nin en lingotes (*massa*) nin en moeda.

A segunda licencia deste documento está estendida a nome de Johannis Bocher, de Dover, panadeiro e propietario da "*Kateryni*", nave portadora de oitenta barricas, autorizándoo a el ou ós seus subordinados para transportar, desde Dover, sesenta peregrinos a Santiago, en Galicia. Fai as mesmas salvedades, advertencias e prohibicións que na anterior, e dispón que o xuramento o presten os peregrinos ante Thomas Took, alcalde ("*maio-rem*") da citada vila de Dover.

Refírese finalmente Cordero Carrete a un documento do rei Ricardo II, en 1389, nunha época na que o chamado Cisma de Occidente divide ás nacións europeas.

“Como consecuencia do Cisma de Occidente e tamén da loita entre Inglaterra e Francia pola hexemonía de Europa, as nacións cristiás dividíronse en dous bandos. Mentres Italia, Austria, Bohemia, Hungría e Portugal, capitaneadas por Inglaterra, se declararon partidarias do pontífice romano Urbano VI, Escocia, Sicilia, Chipre, ás veces Nápoles, Castela e Aragón (neutrais nun principio) seguiron a Francia na súa adhesión a Clemente VII, o de Avignon.

No ano 1389, data do documento en estudo, está o Cisma en todo o seu apoxeo. Era arcebispo de Santiago D. Juan García Manrique e nese mesmo ano, cumprindo ordes do seu rei D. Juan I, loitaba o prelado compostelán, mantendo á raia, con éxito, na fronteira, ás hostes de D. Juan de Portugal, que intentaba ocupar Galicia. Polo que me foi posible xulgar nun rápido follear das noticias coñecidas, acúsase nestes anos do Cisma unha diminución no número dos peregrinos procedentes de Inglaterra e outros países afectos ó bando de Roma en comparación cos vidos de Francia e os adictos ó de Avignon.”

O repetido documento, traducido, di o seguinte: “O rei ós gardiáns da pasaxe no porto de Londres e augas do Támesis, saúde: porque temos por certo que o señor sumo pontífice excomungou a todos os da terra de España, que son inimigos nosos e notoriamente cismáticos, e a todos os que se unen e comunican de calquera xeito con eles, e moitos súb-

ditos nosos de Inglaterra tratan de marchar xa cara a Santiago, naquela terra; xa a outras terras estranxeiras para peregrinar e por outras causas, levando consigo diversas sumas de diñeiro, pública e manifestamente, en barras ou moeda de prata, Nós, polas causas expostas, mandámosvos, encargándoo firmemente, que de ningún xeito permitades pasar polo porto e augas preditas a ningún dos nosos súbditos (*ligios*) con excepción dos comerciantes ben coñecidos, cara a ningunha parte do estranxeiro, non obstante calquera mandato noso anterior a vós antes dirixido. E isto, baixo toda multa que para Nós puidesedes cobrar, de ningún xeito o omitades.

En presenza do Rei, en Westminster, o 16 de xuño. Polo Consello.

Cartas semellantes son dirixidas ós gardiáns infraescritos nos portos abaixo especificados, coa mesma data. Son a saber:

Gardiáns da pasaxe nos portos das vilas de Newcastle-on-Tyne (*Novi Castris super Tynam*), Scardeburg, Kingston-upon-Hull (*Kingeston super Hull*), Saint Botolphs, Lenn, Great Yarmouth (*Magno Jernemuth*), Kirkelrode, Gipperwich, Orwell, Harwich; cidade de Chichester (*Cicester*); vilas de Southampton, Dartmouth, Bristol, Dover (*Dovorris*), Sandwich, Winchelsea e Rye."

Remata Felipe Cordero sinalando o que segue: "Se ós 884 peregrinos autorizados para embarcar tan só no documento sinalado por nós sumamos os dos cinco restantes aquí recollidos por primeira vez e a eles os dos publicados en diversas obras por varios autores




Selo da vila de Winchelsea, no que se amosa un barco de finais do século XIII de tradición escandinava (Museo Marítimo de Greenwich).

[J. S. Stone en "The Cult of Santiago," (Londres, 1937) recolle 2.433 peregrinos no ano 1434. Así mesmo, sinala a chegada de 30 naves a Galicia en 1456 con 7.907 peregrinos. Thomas Rymer na súa obra "Foedera, conventiones literae...ab anno 1101 ad nostro..." (3º ed., 1704) dá a coñecer unha serie de documentos que conteñen permisos reais a navegantes e particulares para transportar peregrinos a Galicia. López Ferreiro – baseándose en datos recollidos por Cornide e Villa-Amil y Castro – dá noticias de teren desembarcado durante dez anos do século XV, só no porto da Coruña, 7.804 peregrinos transportados en 124 naves procedentes de Inglaterra], e se consideramos que estes non representan máis ca unha fracción do total, xa que na maior parte dos documentos non foron descubertos ou perdéronse, ou ben as noticias das súas viaxes non foron recollidas, non temos por qué estrañarnos de que historiadores da mariña mercante inglesa-tales como W.S. Lindsay e C.E. Fayle- fagan fincapé no feito de que "que o transporte de peregrinos ó santuario de Santiago de Compostela... contribuíu en gran medida a aumentar a tonelaxe da mariña [mercante] inglesa durante a baixa idade media".

CAPÍTULO IV

1. ADVOCACIÓN XACOBEOA NA PROVINCIA CORUÑESA



DE historias, sagas e relatos, algúns deles procedentes de alén dos mares, pasamos á advocación santiaguista da provincia da Coruña, o que coincide co Camiño que utilizaban os peregrinos da Ruta Marítima tan axiña como chegaban ó porto coruñes. Neste camiño hai numerosos templos dedicados ó Apóstolo, algúns importantes e belos, de gran valor artístico. Vexámos os datos:

Na provincia da Coruña ó longo e ó ancho da mesma sitúanse 56 parroquias dedicadas ó culto de Santiago e un número indeterminado de capelas e santuarios.

Estas parroquias e santuarios están en íntima relación non só co descubrimento da tumba do Apóstolo de Compostela, senón coas rutas seguidas polos peregrinos a ela, primordialmente na Idade Media e nalgún caso tamén na Idade Moderna.

O historiador, académico e investigador coruñés Antonio Gil Merino observou que no mapa da provincia coruñesa punteado coa situación das parroquias, pódese ver que se atopan en liña de camiños xacobeos en primeiro lugar ó longo de camiños secundarios

15. *Geografía General del Reino de Galicia*, dirixida por Carreras Candi (A Coruña, 2, vol. escritos por Carré Aldao); e as papeletas do románico publicadas no *Boletín da Real Academia Galega*, por Don Ángel del Castillo, así como outros traballos. (Datos facilitados polo investigador coruñés Jaime Martínez García).

seguidos polos peregrinos procedentes do mar e que entraban polos portos do Norte como Bares, Ortigueira, Mugardos, A Coruña, Fisterra ou Muros. Vemos que, de forma radial, conducen a Santiago de Compostela. É curioso descubrir cómo nos arredores de Santiago non hai ningunha parroquia baixo a advocación o Santo, e é que Compostela nese caso xa o absorvía todo¹⁵.

1.1. PARROQUIAS DEDICADAS A SANTIAGO

Escea da Translatio do corpo de Santiago. Tímpano da igrexa de Santiago de Cereixo, s. XII. Vimianzo. A Coruña.

A relación completa destas 56 parroquias dedicadas a Santiago, algunhas na costa, outras no interior, das dioceses de Santiago e Mondoñedo-Ferrol é a seguinte:



Santiago de: ABADE	Concello de: Moeche	Diocese: Mondoñedo -Ferrol
Santiago de: ADRAGONTE	Concello de: Paderme	Diocese: Santiago
Santiago de: AMEIXENDA	Concello de: Cee	Diocese: Santiago
Santiago de: ANDEADE	Concello de: Touro	Diocese: Santiago
Santiago de: ARCOS	Concello de: Mazaricos	Diocese: Santiago
Santiago de: ARTEIXO	Concello de: Arteixo	Diocese: Santiago
Santiago de: ARZÚA	Concello de: Arzúa	Diocese: Santiago
Santiago de: BALTAR	Concello de: Melide	Diocese: Santiago
Santiago de: BARALLOBRE	Concello de: Fene	Diocese: Santiago
Santiago de: BETANZOS	Concello de: Betanzos	Diocese: Santiago
Santiago de: BOADO	Concello de: Mesía	Diocese: Santiago
Santiago de: BOEDRE	Concello de: Pontedeume	Diocese: Santiago
Santiago de: BOENTE	Concello de: Arzúa	Diocese: Santiago
Santiago de: BOIMORTO	Concello de: Boimorto	Diocese: Santiago
Santiago de: BUXÁN	Concello de: Buxán	Diocese: Santiago
Santiago de: BURGO	Concello de: Culleredo	Diocese: Santiago
Santiago de: CAPELA	Concello de: Capela	Diocese: Santiago
Santiago de: CARREIRA	Concello de: Zas	Diocese: Santiago
Santiago de: CASTELO	Concello de: Culleredo	Diocese: Santiago
Santiago de: CEREIXO	Concello de: Vimianzo	Diocese: Santiago
Santiago de: CORUÑA, A	Concello de: A Coruña	Diocese: Santiago
Santiago de: CUIÑA	Concello de: Ortigueira	Diocese: Mondoñedo-Ferrol
Santiago de: FRANZA	Concello de: Mugar dos	Diocese: Santiago
Santiago de: XUBIAL	Concello de: Melide	Diocese: Santiago

Santiago de: LAGO	Concello de: Valdoviño	Diocese: Mondoñedo-Ferrol
Santiago de: LAMPÓN	Concello de: Boiro	Diocese: Santiago
Santiago de: LANDOI	Concello de: Ortigueira	Diocese: Mondoñedo-Ferrol
Santiago de: LIÑARES	Concello de: Santiso	Diocese: Santiago
Santiago de: LOROÑO	Concello de: Zas	Diocese: Santiago
Santiago de: LOURO	Concello de: Muros	Diocese: Santiago
Santiago de: MEANGOS	Concello de: Abegondo	Diocese: Santiago
Santiago de: MENS	Concello de: Malpica	Diocese: Santiago
Santiago de: MERA	Concello de: Ortigueira	Diocese: Mondoñedo-Ferrol
Santiago de: NOVAFONTES	Concello de: Touro	Diocese: Santiago
Santiago de: NUMIDE	Concello de: Tordoia	Diocese: Santiago
Santiago de: OIS	Concello de: Tordoia	Diocese: Santiago
Santiago de: OLVEIROA	Concello de: Coirós	Diocese: Santiago
Santiago de: PADERNE	Concello de: Dumbría	Diocese: Santiago
Santiago de: PANTÍN	Concello de: Cesuras	Diocese: Santiago
Santiago de: PREVEDIÑOS	Concello de: Valdoviño	Diocese: Mondoñedo-Ferrol
Santiago de: POBRA DO DEÁN	Concello de: Touro	Diocese: Santiago
Santiago de: PONTEDEUME	Concello de: Caramiñal	Diocese: Santiago
Santiago de: REBOREDO	Concello de: Pontedeume	Diocese: Santiago
Santiago de: REQUIAN	Concello de: Betanzos	Diocese: Santiago
Santiago de: COMPOSTELA	Concello de: Santiago	Diocese: Santiago
Santiago de: SIGRAS	Concello de: Cambre	Diocese: Santiago
Santiago de: SÍSAMO	Concello de: Carballo	Diocese: Santiago
Santiago de: SOMOZAS	Concello de: Somozas	Diocese: Mondoñedo-Ferrol

Santiago de: SUMIO	Concello de: Carral	Diocese: Santiago
Santiago de: TAL	Concello de: Muros	Diocese: Santiago
Santiago de: TRABA	Concello de: Laxe	Diocese: Santiago
Santiago de: VILAÑO	Concello de: Laracha	Diocese: Santiago
Santiago de: VILASANTAR	Concello de: Vilasantar	Diocese: Santiago
Santiago de: VILOURIZ	Concello de: Toques	Diocese: Santiago
Santiago de: VILAMAIOR	Concello de: Ordes	Diocese: Santiago
Santiago de: VILARMATEO	Concello de: Pontedeume	Diocese: Santiago

1.2. TEMPLOS SANTIAGUISTAS

Vexamos agora algúns templos e motivos de maior importancia relacionados coa advocación de Santiago Apostol na Coruña:

SANTIAGO DE ARZÚA

Notable torre da igrexa parroquial.

SANTIAGO DE BETANZOS

Importante igrexa románica de columnas inclinadas.

SANTIAGO DO BURGO

Importante igrexa románica do século XII. Festa da Peregrina o segundo domingo de setembro.

SANTIAGO DA CAPELA

Lugar famoso pola beleza da paisaxe de montaña.

SANTIAGO DO CEREIXO

Interesante igrexa románica.

SANTIAGO DA CORUÑA

Importante templo románico oxival.

SANTIAGO DA FRANZA

Sepulcro do século XVI do Sr. de Boade, interesante.

SANTIAGO DE XUBIAL

No municipio de Melide, na capela da casa que en Tarrío posúe a familia Saavedra, consérvase ó parecer un retablo que lles pertenceu ó Santo Oficio de Santiago de Compostela e á capela de San Andrés da Coruña. Xubial era punto obrigado de paso dos peregrinos.

SANTIAGO DE LAGO (Valdoviño)

Sobre o Océano, igrexa que linda co areal e o lago da Frouxeira. Ó oeste a costa abrupta. A extensa lagoa comunica co océano por unha pequena canle que se di que no tempo das peregrinacións permitía o acceso de embarcacións pequenas.

SANTIAGO DE LOURO (Muros)

Romaría da Magdalena o 22 de xullo. Bela paisaxe de costa.

SANTIAGO DE MENS (Malpica)

Interesante igrexa románica. Dise que formou parte dun antigo e desaparecido mosteiro. Ten planta basilical de tres naves. Abaides.

SANTIAGO DE MERA (Ortigueira)

Interesante igrexa oxival.

SANTIAGO DE OLVEIROA

No municipio de Dumbría. Igrexa que xa existía en 1334.

SANTIAGO DE PADRÓN

Na parroquia de Santiago Apóstol está o famoso "Padrón", groso piar de pedra ó que amarraron a barca os discípulos do Apóstolo cando desembarcaron o seu corpo.

Fonte do Apóstolo.

Ermida de Santiaguíño do Monte. Famosa ramaría o 25 de xullo. Alí álzase unha cruz entre grandes pedras, para sinalar o lugar onde viviu e predicou o Apóstolo.

SANTIAGO DA POBRA DO DEAN (Pobra do Caramiñal)

Interesante igrexa de variedade arquitectónica.

SANTIAGO DE PONTEDEUME

Interesante igrexa do século XVIII coas armas dos Andrade, con dezaioito bandeiras. Sepulcro de Fernando de Andrade.

SANTIAGO DE SIGRAS (Cambre)


Igrexa de orixe románica, modificada en 1600, con trazas de pertencer á escola compostelá.

SANTIAGO DE SUMIO (Carral)

Sepulcro de D. Francisco Bermúdez de Sangro. Val da Barcia, de gran beleza.

CAPÍTULO V

1. A IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO



MOITOS autores dedicáronlle especial atención á igrexa de Santiago en traballos que foron vendo a luz en distintos medios. Sempre eloxiosos, hai sen embargo unanimidade nas queixas sobre o escaso apoio que recibiron os párrocos para conservar adecuadamente este templo. De todos os traballos sobre este monumento tan importante, meta da peregrinación marítima a Compostela, ímonos deter na descrición que fan diferentes autores, que antes citamos, pero especialmente nun publicado no libro *Galicia*, por Manuel Martínez Murguía, historiador, polígrafo, arqueólogo, primeiro presidente da Real Academia Galega e esposo da sen par Rosalía de Castro.

Tras resaltar que o templo máis antigo da Coruña é este ó que nos referimos, sinala que o é máis cá Colexiata de Santa María, que se supuña de data anterior. As ábsidas e a porta lateral do norte, do século XII, confirman que foi esta igrexa a primeira dalgunha importancia que se construíu na cidade. Compartía froitos coa igrexa compostelá, risco que, a xuízo de Murguía, proclama que A Coruña estaba baixo o poder da Mitra compostelá, recoñecéndo

Santiago o Maior nunha escultura de pedra policromada, cos seus atributos de peregrino (século XIV), que se garda na igrexa parroquial de Santiago da Cidade Vella coruñesa. Ten a inscrición "Iacobus maior, Hispaniae patronus".



así o padroado e delatándoa dunha maneira visible a ornamentación de cunchas nas áblidas laterais. É coñecido o preito que sostiveron esta igrexa e a Colexiata en 1512 e que se resolveu a favor da parroquia que, segundo a sentenza, é "*iglesia matriz et principal e cabeza entre todas las iglesias de la ciudad de La Coruña et de la dicha iglesia de Santa María del Campo*". Outra referencia á súa antigüidade é a lápida votiva de orixe romana achada baixo o altar da capela de San Miguel e da que nos ocuparemos máis adiante.

Para Antonio de la Iglesia, non está clara a data da súa fundación e fai referencia a un antigo escudo na fachada no que se ven as armas non coroadas de Castela e León, e no medio delas a cruz de San Rosendo e debaixo a cuncha do peregrino Santiago. A cruz de San Rosendo- di Antonio de la Iglesia- "es asimismo el blasón de la parroquia y se halla cincelada sobre todas las puertas de las casas que fueron propiedad del templo." Este mesmo historiador explica unha teoría que pode resultar certa e é que a igrexa tal vez foi destruída nunha das invasións normandas que asolaron A Coruña e o templo foi reedificado por San Rosendo "pues no se hace creíble- engade- que antes de este santo obispo no existiese ya en La Coruña la matiz de sus cristianas iglesias. San Rosendo la habría reedificado pero es muy probable que, desde el establecimiento libre del cristianismo, se erigiese esta iglesia en el mismo sitio que ocuparía el mejor templo gentil." Así parece confirmalo o achado de varias aras romanas.

Unha vez franqueada a escalinata pola que se accede ó adro do templo santiaguista,

atopámonos coa porta principal, "bastante bella y de muy buen efecto," segundo Murguía. Esta porta substituíu á destruída polo incendio de 1779 e así se observa nas columnas que a flanquean. Ás xambas van adosadas dúas figuras románicas de medio tamaño que non se sabe ben qué representan. Nas ménsulas están esculpidos dous anxos con cartelas con inscricións de moi difícil lectura. Unha imaxe do Apóstolo Santiago a caballo chama a atención no tímpano, a espada en alto. Esta imaxe está moi deteriorada. Pequenas figuras adornan os arcos da arquivolta, figuras de anxos en relevo e rosetas abertas nos espacios entre os canzorros que sosteñen a cornixa.

O historiador Murguía gaba despois o muro do Oeste, no exterior do templo, onde se atopa a fermosa porta lateral que confirma a

A Coruña, Igrexa Parroquial de Santiago, ano 1880.



antigüidade da igrexa. Data de mediados do século XII e accédese a ela por unha escalinata de dobre acceso, "viéndose de golpe que es puramente románica. El follaje con que se adorna – sigue Murguía – su principal archivolta recuerda, por su gusto y manera, ciertos detalles de hojas del Pórtico de la Gloria, con cuya obra presenta una semejanza más cuando se advierte que esta puerta fue polícroma. Las ménsulas sobre las que descarga el dintel reproduce cada una la cabeza de un buey – no caballo como copiaron algunos dibujantes– símbolo de Jesucristo. En el tímpano se ve el Cordero con la Cruz de larga asta, cuya representación contribuye a fijar definitivamente la época en que fue construida la puerta y edificio a que da entrada. Con ella concuerda la apreciable ventana románica que se abre en el mismo muro del Oeste sobre un curioso arco sepulcral con su urna, todo, ventana y arco, del mismo tiempo y carácter."

1.1. ÁBSIDAS DETERIORADAS

Referíndose ás ábsidas, o historiador resalta que son as tres románicas, opinión que comparte con míster Street no seu "Some account on gothic archit in Spain." As tres ábsidas teñen columnas adosadas que sosteñen a cornixa, adornada esta con modillóns os que se ven esculpídos rostros humanos e outras ágoras. Non entenderían Murguía nin Street, se vivisen e tras esta descrición, que as tres monumentais ábsidas se encontren hoxe deterioradas e pendentis dunha axuda económica

institucional para ser reparadas. Sería bo que as autoridades ás que lles corresponda, e ante os feitos apuntados, arbitrasen os recursos necesarios para que a ábsida non sufrise máis deterioro. Sería tristísimo para A Coruña, en particular, e para o patrimonio cultural galego, en xeral, que este monumento fose unha vítima máis da desidia oficial.

En canto ó interior do templo, é dunha soa e ampla nave, na que, segundo Murguía, o arquitecto gañou ó ancho o espacio do que ó longo carecía. Son de destacar os atrevidos arcos apuntados que sosteñen o teito, ós que tamén se referiu o mencionado Street, que cualifica como resultado dunha empresa arriscada para ser realizada no século XII, e que moi poucos puideron conseguir no noso tempo, é dicir, cubrir unha ancha nave dunha maneira

Iglesia de Santiago, ss. XII-XIII.
A Coruña.



sinxela, económica e duradeira. Di Murguía que ó exposto polo sabio arquitecto inglés poderíase obxectar que os arcos ós que alude son oxivos e o mérito da obra recae sobre un artista do século XV. “Sendo isto evidente tamén o é que a gloria pertence na súa maior parte ó mestre que lle deu traza primitiva, xa que construíu arcos de igual desenvolvemento cós actuais para soste o teito da igrexa. Que estes existiron desde un principio confírmano os feixes de columnas románicas nos que descansan os actuais e apuntados, os cales dividen a nave en catro compartimentos e demostran que este templo foi obxecto dunha restauración importante no século XV. Malia isto, quedan aínda os suficientes restos da antiga fábrica para confirmar que o estilo que domina é o románico. A el pertencen as tres capelas absidais, os muros e o rosetón.

1.2. ARAS ROMANAS

Bela descrición a de Murguía, que leva a detérmonos noutros elementos importantes deste templo, como son as aras romanas que aínda hoxe podemos contemplar. Di o historiador, arqueólogo e culto escritor Andrés Martínez Salazar que, nunha investigación que realizou na Real Academia da Historia, encontrou uns papeis do beneditino Juan Sobreira, natural de Beade, nos que sinalaba que na igrexa de Santiago, sostendo o altar de San Miguel (patrón dos xastres, dos que a súa confraría tiña a sede neste templo) hai un cipo cunha inscrición que di o seguinte: FORT-UNAE-IULIUS-PLATO-EXVO(to).

Martínez Salazar iniciou a súa propia investigación e comprobou, coa colaboración do daquela párroco, que, efectivamente, sostendo o centro da enorme pedra do altar primitivo, situado na capela absidal do leste, se ve unha pequena ara romana de 65 centímetros de alto por 26 de ancho, con ornamentación sinxela (un filete e unha media cana no alto e outro na base) que na cara fronte ó observador descobre unha inscrición, algo diversa da copiada polo padre Sobreira, que no seu momento reproduciron o citado historiador Murguía e o epigrafista alemán Hübner, inscrición que ambos tomaron dos manuscritos do polígrafo Josep Cornide.

Segundo o propio Martínez Salazar, trátase dun monumento romano votivo dedicado á deusa da Fortuna por Julio Platón en virtude dun voto. Apunta que acaso se trate dun escravo grego que, ó ser manumitido por algún membro da familia patricia Julia, o agradece dando o seu nome.

Martínez Salazar tamén descubriu, a pouca distancia da ara romana e sostendo polos catro ángulos a pedra do altar antigo, catro minúsculas columnas de 70 centímetros de altura e 20 de fuste cilíndrico, moi semellantes ás que existen no interior do templo e no exterior das ábsidas. Animados por este descubrimento, párroco e arqueólogo atoparon no altar absidal da esquerda outras aras romanas de maior tamaño cás da ábsida do leste, en peor estado de conservación, e varias pilastras nalgunha das cales se consérvan restos de inscricións.

1.3. UN ANTIGO TEMPLO PAGÁN

Todo isto confirma a existencia dunha poboación romana nesta parte da urbe, coñecida hoxe como Cidade Vella. Martínez Salazar seguiu a súa investigación e logrou copiar as inscricións das tres aras que sostían o altar primitivo na ábsida esquerda. As tres teñen máis de 90 centímetros de altura, dúas delas adornadas con molduras idénticas e con bases compostas dunha faixa e dunha media cana e cun cornixamento que consta dunha gola, unha faixa e un bocel.

As tres aras teñen as seguintes inscricións:

IMP(eratori) CAESARI L(ucio) AURELIO VERO AUGUSTO REGINUS VERNA AUGUSTORUM EX ACTOR EX VOTO, que se traduce por: ó emperador César Lucio Aurelio Vero, Augusto (dedica este monumento), por voto que fixo Reginus Virna, EX-ACTOR dos Augustos (LIBERTO). Hoxe sábese que é separado Ex-Actor, e o seu significado é sinónimo de Liberto, segundo G. Pereira Menaut.

A inscrición correspondente a outra das aras é:IMP(eratori) CAESARI M(arco) AURELIO ANTONINO AUG(usto) REGINUS VERNA AUGUSTORUM EX ACTOR EX VOTO, que ten como traducción " ó emperador César Marco Antonino, Augusto (dedica este monumento) , por voto que fixo Reginus Virna, Liberto."

Segundo Pereira, esta é unha inscrición na que o escravo Reginus lle dedica unha estatua ó emperador M. Aurelio.

Detalle do pórtico da parroquia de Santiago. Dise que esta imaxe representa a Santiago.




A inscrición da terceira ara di así: PRO-SALV(Y)E-AUGUSTOR(UM)-

GLAVCUS-CAESAR.N-S...,"pola saúde dos nosos augustos(emperadores), Glauco César (erixe este monumento)...


Recollemos a corrección ás inscricións que no seu día fixo públicas Martínez Salazar do libro de G. Pereira Menaut, sobre inscricións romanas na provincia da Coruña.

Di o tantas veces aludido Martínez Salazar que a singularidade de terense elevado as aras en honor e pola saúde de Marco Aurelio e Lucio Vero revela que aqueles emperadores eran coñecidos na antiga Coruña e que tiñan amigos agradecidos, tal vez formando parte daquel exército de empregados administrativos que o Imperio Romano enviaba ás provincias conquistadas. Confírmase tamén así a antigüidade da urbe coruñesa, á que o desaparecido escritor, historiador e académico Casimiro Torres reprochaba non ter celebrado aínda o seu bimilenario. Aínda estamos a tempo.

O que si é evidente é que a igrexa de Santiago se construíu sobre algún templo pagán, empregándose as aras como pilastras para soste as pedras dos altares do novo templo. Todo iso dálle máis valor histórico a esta antiga igrexa santiaguista, á que acudían os peregrinos que chegaban por mar á cidade para se dirixir en días sucesivos a visitar a tumba do Apóstolo Santiago.



BIBLIOGRAFÍA



GALLAECIA SCANDINÁVICA

(Introducción ó estudio das relacións Galaico-Escandinavas durante a Idade Media)

Vicente Almazán

(Traducción ó galego de Francisco A. Cidrás)

Editorial Galaxia. Ensaio e Investigación

Vigo, 1986.

EL CAMINO DE SANTIAGO

Walter Starkie

Editorial Aguilar

Madrid, 1958.

LA REEDIFICACIÓN DEL TEMPLO DE SAN ANDRÉS Y EL
GREMIO DE MAREANTES DE LA CORUÑA

Ángel Padín

Fundación "Pedro Barrié de la Maza"

A Coruña, 1992.

SAGA DE EGIL SKALLAGRIMSSON

Snorri Sturluson

Hyspamérica

Barcelona, 1988.

AFINIDADES CULTURAIS ENTRE GALICIA E IRLANDA

Elizabeth Frances Keating

Editorial Glaxia Ensaio e Investigación

Vigo, 1990.

HISTORIA DE GALICIA

Manuel Murguía

A Coruña, 1891.

EL CAMINO DE SANTIAGO

Yves Bottineau

Ediciones Orbis

Barcelona, 1987.

HISTORIA DE LA SANTA A. M. IGLESIA DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Antonio López Ferreiro
Edición Facsimilar
Editorial Sálvora
Santiago, 1983.

A ROMANIZACIÓN DE GALICIA

Felipe Arias Vilas
Edicións "A Nosa Terra"
Vigo, 1992.

PASEOS POR ROMA

Stendhal
Ediciones del Serbal
Barcelona, 1987.

HISTORIA DE ROMA

Theodor Mommsen
Ediciones Orbis, S. A.
Barcelona, 1983.

O CASTELO DE SAN ANTÓN

Xosé Ramón Soraluze Blond
Edicións Monográficas do Museu
A Coruña, 1984.

IGLESIA PARROQUIAL DE SANTIAGO- LA CORUÑA
(Folleto-Guía)

J. V. E.
A Coruña, 1990.

DE LA ACADEMIA GALLEGA

"Galicia, provincia Romana"
Marcelo Macías

EPIGRAFÍA Y NUMISMÁTICA DE ASTORGA ROMANA Y
SU ENTORNO

Tomás Mañanes Pérez
Edicións Universidad de Salamanca, 1982.

LA CIVILIZACIÓN CÉLTICA EN GALICIA

López Cuevillas, Florentino
Santiago, 1953.

HISTORIA DE ESPAÑA

Ramón Menéndez Pidal
Madrid, 1947.

GALICIA ANTIGUA

Celso García de la Riega
Pontevedra, 1904.

ENCICLOPEDIA ESPASA
Editorial Espasa-Calpe
Madrid

HISTORIA DE GALICIA
Verea y Aguiar, José
Ferrol, 1938.

LOS NORMANDOS EN GALICIA Y OTROS TEMAS
MEDIEVALES
Enrique Chao Espina
Grafinsa
A Coruña, 1977.

"HOMBRES Y NAVÍOS DE LA INVENCIBLE"
Urgorri Casado, Fernando
Números 22 e 24 de Revista, publicación do instituto
"José Cornide"
A Coruña, 1986-1988.

"LA CORUÑA, UN PUERTO REHABILITADO PARA EL
COMERCIO A INDIAS (1778-1810)"
Martínez de Sánchez, Ana María
Números 13-16 de Revista do instituto "José Cornide"
A Coruña, 1977-1980

LAS CRUZADAS Y LAS PEREGRINACIONES A TIERRA
SANTA Y LA PESCADERÍA CORUÑESA
González López, Emilio
Revista "La Coruña, paraíso del turismo"
A Coruña, 1986.

GALICIA FEUDAL
Victoria Armesto
Galaxia- Vigo

GRANDEZA Y DECADENCIA DEL REINO DE GALICIA
González López, Emilio
Bos Aires, 1957

LA IGLESIA DE SANTIAGO
González-Garcés, Miguel
Revista "La Coruña, paraíso del turismo"
A Coruña, 1982.

SANTIAGO DE LA CORUÑA
De la Iglesia, Antonio
Galicia, Revista Universal de este Reino
A Coruña, 1862.

LA CORUÑA NO CELEBRÓ SU BIMILENARIO
Casimiro Torres Rodríguez
Revista n.º 10 e 11
Instituto "José Cornide"
A Coruña, 1974- 1975.

HISTORIA DE LA CIUDAD

(Representada nas tallas do Salón Capitular do Palacio Municipal)

Juan Naya- Debuxos de José Ramón

Publicacións do Excmo. Concello

A Coruña, 1976.

SUMARIO DE LAS ANTIGÜEDADES ROMANAS QUE
HAY EN ESPAÑA, EN ESPECIAL LAS PERTENE-
CIENTES A LAS BELLAS ARTES

Juan Agustín Ceán-Bermúdez

Madrid, 1852.

RUTAS JACOBEAS

Eusebio Goicoechea Arrondo

Publicación de "Amigos del Camino de Santiago"

Estella (Navarra)

CORPUS DE INSCRICIÓN ROMANAS DE GALICIA- PRO-
VINCIA DE A CORUÑA

G. Pereira Menaut

Consello da Cultura Galega

Santiago, 1991.

EL LIBRO DE SANTIAGO

Filgueira Valverde, José

Editado pola Deputación da Coruña

A Coruña, 1989.

HISTORIA DE MERLÍN (VOL. II)

Edición a cargo de Carlos Alvar

Ediciones Siruela

Madrid, 1988.

HISTORIA DE LA CIUDAD DE LA CORUÑA

Xosé Ramón Barreiro Fernández

Biblioteca Gallega

Editorial La Voz de Galicia

A Coruña, 1986.

LAS PEREGRINACIONES A SANTIAGO DE COMPOSTE-
LA

Luis Vázquez de Parga

José M. Lacarra

Juan Uría Riu

Tres tomos editados polo Departamento de Educación
y Cultura do Goberno de Navarra

Edición facsímil da realizada en 1948 polo Consejo

Superior de Investigaciones Científicas

Pamplona, 1993.

GUÍA MEDIEVAL DEL PEREGRINO A SANTIAGO


Por Xosé Eduardo López Pereira

Santiago, 1993.


ÍNDICE ONOMÁSTICO

AGUINAGA, ENRIQUE
ALMAZAN, VICENTE
ANTOLÍNEZ, FRAY AGUSTÍN
APARICIO, JUAN
ARMESTO, VICTORIA
AURELIO VERO, CÉSAR JULIO
BARREIRO FERNÁNDEZ, XOSÉ RAMÓN
BERTENDONA, MARTÍN DE
BOTTINEAU, YVES
CANTERBURY, SANTO TOMÁS DE
CARRÉ ALDAO
CORNIDE, JOSEP
CHAO ESPINA, ENRIQUE
DE AUSTRIA, JUAN
DE LA CÁMARA Y PITA, MAYOR
(MARÍA PITA)
DE LA IGLESIA, ANTONIO
DE NEOBURG, MARIANA
DEL CASTILLO, ÁNGEL
DRAKE, SIR FRANCIS
FERNÁNDEZ COBIÁN, ESTEBAN
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, XOSÉ
FILGUEIRA VALVERDE, JOSÉ
GIL MERINO, ANTONIO
GONZÁLEZ LÓPEZ, EMILIO
GONZÁLEZ- GARCÉS, MIGUEL
GRANDÍO, GUILLERMO
GUNDEREDO (XEFE VIQUINGO)
HERNÁNDEZ Y ÁLVAREZ-REYERO, MANUEL
LÓPEZ FERREIRO, ANTONIO
LÓPEZ VÁZQUEZ, FELIPE SENÉN
LÓPEZ- PÁRAMO, JOSÉ LUIS
MARCO ANTONIO, CÉSAR
MARTÍNEZ GARCÍA, JAIME

MARTÍNEZ MURGUÍA, MANUEL
MARTÍNEZ SALAZAR, ANDRÉS
MEDINA SIDONIA, DUQUE DE
NAYA PÉREZ, JUAN
OQUENDO (MARIÑO)
PADRE SANTA MARÍA
PÁRAMO NEYRA, JUAN MANUEL
PEREIRA MENAUT, G.
PINTOS URIBE, JESÚS
RECALDE (MARIÑO)
RISCO, VICENTE
RODRÍGUEZ DE BETANZOS, FERNÁN
SAN CANUTO
SAN NICOLÁS
SAN OLAF
SANCLEMENTE, JUAN DE
SARMIENTO, FRAY MARTÍN
SIGURD (REI NORUEGUÉS)
SISNANDO (BISPO)
SOBREIRA, JUAN
STARKIE, WALTER
STREET, M.
TORRES, CASIMIRO
URGORRI CASADO, FERNANDO
VEIGA, MANUEL
VILAS, J. J.
VINATIER, JEAN




ÍNDICE




	<u>Páx.</u>
PRESENTACIÓN	5
LIMIAR	9
CAPÍTULO I.....	15
1. PRIMEIRA ETAPA DA RUTA MARÍTIMA	15
1.1. PORTO ROMANO.....	20
1.2. CLUNIA-CRUNIA-CRUNNA- CRUNIA	28
1.3. CRUZADOS ALEMÁNS E HOLANDESES	39
1.4. A ARMADA INVENCIBLE	41
1.5. PERSONAXES IMPORTANTES	44
CAPÍTULO II.....	51
1. OS VIQUINGOS, PRECURSORES DOS VIAXEIROS MARÍTIMOS	51
1.1. ONDAS VIQUINGAS.....	57
1.2. NA RÍA DE AROUSA	60
CAPÍTULO III	63
1. PEREGRINOS ESCANDINAVOS A COMPOSTELA.....	63
1.1. PRIMEIRO PEREGRINO ESCANDINAVO CRISTIÁN	69

	<u>Páx.</u>
1.2. SEGUNDA EXPEDICIÓN A GALICIA	72
1.3. EN RUTA ÁS CRUZADAS.....	73
1.4. PEREGRINOS ISLANDESES	75
1.5. NO SÉCULO XIV	77
1.6. DE REINOS E SEÑORIOS DE INGLATERRA	79
1.7. REALIDADE E LENDA: MERLÍN	86
1.8. PEREGRINOS INGLESES NOS SÉCULOS XIV E XV	89
 CAPÍTULO IV	 101
ADVOCACIÓN XACOBEA NA PROVINCIA CORUÑESA	101
1.1. PARROQUIAS DEDICADAS A SANTIAGO.....	104
2.2. TEMPLOS SANTIAGUISTAS	107
 CAPÍTULO V	 111
1. A IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO	111
1.1. ÁBSIDAS DETERIORADAS	116
1.2. ARAS ROMANAS.....	118
1.3. UN ANTIGO TEMPLO PAGÁN.....	120
 BIBLIOGRAFÍA	 123
 ÍNDICE ANOMÁSTICO	 129

Rematouse a impresión do libro
Crunia. Porto de Peregrinacións
nos obradoiros de GRAFINOVA, S. A.
en Santiago de Compostela
o xoves vintecatro de xuño
de mil novecentos noventa e nove,
día de S. Xoán Bautista.







XACOBEO'99
Galicia

ISBN 84-453-2444-6



9 788445 324448



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

XERENCIA DE PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO